


**MEMORIA DE ACTIVIDADES**  
**Curso 2001/2002**

# **CPR Galaxia (Ribeira)**

*«Proxecto de actuación no parque dunar de  
Corrubedo»*





# ÍNDICE XERAL

## 1ª PARTE

### DESCRINCIÓN DO PARQUE NATURAL.

- ¿Que é un Parque Natural? 5
- O P. N. do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. 5
- O seu medio físico. 6
- A súa flora. 7
- A súa fauna. 8
- Consellos que debe respectar cando visite un Parque Natural. 9
- Como visita-lo Parque Natural. 10
- O camiño do mar. 11
- O camiño da auga. 21
- O camiño do vento. 33
- A prehistoria nos arredores do Parque Natural. 42
- Lendas arredor do Complexo Dunar. 44

### O NOSO PROXECTO VOZ NATURA.

- O noso proxecto Voz Natura. 49

## 2ª PARTE

### A REALIZACIÓN DO PROXECTO.

- Listos para caminar. 63
- Cara Valverde. 67
- Choendo muros. 70
- Loitando con Eolo na Duna móvil. 75
- En sintonía co entorno. 83
- O Parque coas nosas mans. 89
- Galicia verde. 97
- Traballamos a estética do Parque. 99

### DIARIO DUNHA TRABALLADORA.

- Diario dunha traballadora. 102

### AS NOSAS MASCOTAS.

- As nosas mascotas. 129

### DOSSIER DE PRENSA.

- La Voz de Galicia. 132

### AGRADECEMENTOS.

142

### BIBLIOGRAFÍA.

143


## ÍNDICE 1ª PARTE

### DESCRINCIÓN DO PARQUE NATURAL.

- ¿Que é un Parque Natural? 5
- O P. N. do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. 5
- O seu medio físico. 6
- A súa flora. 7
- A súa fauna. 8
- Consellos que debe respectar cando visite un Parque Natural. 9
- Como visita-lo Parque Natural. 10
- O camiño do mar. 11
- O camiño da auga. 21
- O camiño do vento. 33
- A prehistoria nos arredores do Parque Natural. 42
- Lendas arredor do Complexo Dunar. 44

### O NOSO PROXECTO VOZ NATURA.

- O noso proxecto Voz Natura. 49





**DESCRICIÓN DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR  
DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN**



## ¿QUE É UN PARQUE NATURAL?

Un Parque Natural é unha superficie do territorio pouco transformada pola explotación e ocupación humana, que en razón da beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas, a singularidade da súa flora, da súa fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúe uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos e a súa conservación merece unha atención preferente.

## O PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, situado na península da Barbanza, concello de Riveira (A Coruña), supón sen dúbida un dos enclaves máis significativos e valiosos do patrimonio natural galego. Comprende parte das parroquias de Sta. María de Corrubedo, Sta. María de Olveira, San Xulián de Artes e San Paio de Carreira.



- **O SEU MEDIO FÍSICO:**

A costa na enseada do Parque é pouco accidentada, formándose amplas zonas de praias de orixe sedimentaria. O transporte eólico destes depósitos de area permitiu o desenvolvemento de cordóns litorais de dunas, frecuentemente semiestabilizadas pola vexetación halófito.

Esta intensa actividade eólica permitiu a formación dunha duna móbil, a maior do noroeste peninsular, de máis de 1 Km. de lonxitude, entre 200 e 300 m. de ancho, cunha altitude entre os 12 e 15 metros. No seu conxunto, o avance da duna prodúcese cara ó interior con dirección NE.



**Dunas**

O cordón dunar propiciou o repregamento apreciable da auga, formándose a lagoa de Carregal, que quedou comunicada co mar por un conxunto de canles. A zona enchárcase e drena en función do réxime intermareal, constituíndo así unha marisma.

A lagoa de Vixán, orixinada mediante un proceso semellante, comunícase co mar só nos períodos equinocciais. O carácter doce da auga desta lagoa, proporciónalle unhas características ecolóxicas sensiblemente distintas da lagoa de Carregal.



**Lagoa de Vixán**



O espacio complétase con pequenos núcleos de poboación e as súas respectivas zonas de influencia, cultivos, piñeirais, praderías, etc.

- **A SÚA FLORA:**

O Parque ofrece unha representación de case tódalas comunidades vexetais propias das marismas, lagoas e areas da costa galega, polo que é un lugar privilexiado para a observación dunha variada e curiosa flora. A súa diversidade é a maior orixinalidade deste espacio.

Nas dunas, pradería posdunar e marismas deste humedal, existen 247 taxons vexetais, dos que 23 deles están legalmente protexidos por considerarse rarezas ou endemismos, é dicir, especies que só viven nos arredores da zona ou en contados enclaves do litoral galego.

A vexetación complétase con piñeirais mesturados con carballos, ameneiros, salgueiros e zonas de cultivos, resultado da humanización da área.



**Cebola das gaviotas**



• **A SÚA FAUNA:**

Os complexos e diversos hábitats do Parque fan posible o asentamento dun gran número de especies animais. Das 14 especies de anfíbios citadas para Galicia, 10 están presentes no Parque; 14 especies de réptiles, das 20 presentes en Galicia; e unha vasta representación de mamíferos e especies do ámbito mariño ou litoral.

O valor ornitolóxico quedou patente mediante a inclusión desta área no Convenio Internacional para a Protección de Humedais.

Para a fauna invernante distínguense tres áreas claramente diferenciadas :

1. A lagoa de Vixán, con abundante carrizo perilagunar, alberga as principais especies de Anátidos e Rálidos.



**Garza Real**

2. Nas marismas da lagoa de Carregal acumúlanse grandes concentracións de Laro-limícolas. É numerosa a píldora dourada nos areais, así coma o alcaraván, mazarico curlí, pilro bulebule, pirlo curbílico e bilurico pativerde.
3. Na zona mariña destaca a presenza de colimbos, pentumeiros e corvos mariños. Entre as nidificantes destacan o lavanco real, demo negro, así coma a píllara papuda, cun importante número de parellas do conxunto da poboación de Galicia.



**Chasca**

## CONSELLOS QUE DEBE RESPECTAR CANDO VISITE UN PARQUE

### NATURAL

- Use os camiños. Evite camiñar no interior do Parque por fóra destes camiños.
- Arrancar flores ou plantas pon en perigo especies singulares.
- O lume pode destruí-la vida no parque. Non encenda fogueiras nin tire cigarros acendidos.
- Non acampe no Parque. Utilice os campings próximos.
- Recolla vostede mesmo os seus propios residuos ou utilice os colectores de lixo.
- Leve o seu can con correa.
- Circule con vehículos só polas pistas autorizadas.
- Lembre que os ruídos alteran a tranquilidade do Parque.
- Respecte os cultivos, os cerrados ou calquera obxecto arqueolóxico ou histórico.
- Use para as súas comidas exclusivamente as áreas recreativas.



**COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E  
LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN**  
**PARQUE NATURAL**

*¡Coñece -lo parque en profundidade é  
respectalo mellor!*

## COMO VISITA-LO PARQUE NATURAL

Co obxectivo de achegar ós visitantes do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán todos aqueles aspectos naturais, culturais e patrimoniais que fan deste espacio único unha área fundamental para conservar parte da biodiversidade de Galicia, as visitas están organizadas en itinerarios ou camiños.

Os itinerarios organízanse arredor de tres temas específicos: a auga, o vento e o mar.

As paradas que se realizan ó longo de cada un dos tres percorridos encóntranse convenientemente sinalizadas con postes indicadores, así como os desvíos e a dirección a seguir.

Xenericamente, as paradas de cada itinerario aborda aspectos relacionados co tema principal aínda que, en ocasións, determinadas paradas pola súa peculiaridade, valor ou singularidade, tratan outros temas.

Ó inicio de cada itinerario recóllese información acerca da súa lonxitude, grao de dificultade e unha aproximación do tempo que leva face-lo percorrido.



**Poste indicador de parada**

## O CAMIÑO DO MAR

**Inicio:** Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral Galego (CIELGA)

**Percorrido:** 6 Km.

**Duración:** 4 horas.


**Dificultade:** Baixa.

O Camiño do Mar amósanos o importante papel do mar na orixe e evolución deste espacio natural, a súa influencia na vida da marisma, os organismos que habitan no seu seo e os oficios e aproveitamentos que o ser humano obtén del.

Partindo do CIELGA e tomando o camiño en dirección Norte, adentrámonos neste itinerario que nos levará pola Gandarela, bordeando a lagoa de Carregal ata a desembocadura do Río do Mar.

Desde aquí voltamos sobre os nosos pasos e collemos un desvío que nos leva á praia.

Este “Camiño do mar” consta de dez paradas sinalizadas con postes indicadores.



CIELGA

### **Parada 1: O Piñeiro, unha árbore con moitos recursos.**

O Piñeiro bravo ou do país é unha árbore ventureira de Galicia e unha das máis frecuentes nas repoboacións forestais. É bastante frugal e pode vivir en solos permeables e con poucos nutrientes, como aqueles non moi profundos ou areosos.

A súa madeira emprégase fundamentalmente en serradoiros, para facer tableiros, caixas, mobles, na carpintería de ribeira; e a súa casca para curtir. Antigamente os aparellos de pesca (nasas, tramallos...) “encascábanse” para que durasen máis tempo, bañándoos en auga fervida coa casca do piñeiro. Os picos (as follas) usábanse como cama para o gando.



As piñas son excelentes para acender lume e a súa resina serve para elaborar augarrás, entre outros produtos químicos.

Asociado a estes piñeiros viven outros seres vivos, destacando entre todos eles os fungos. No outono, entre as follas do piñeiro caídas no chan, agáchanse os cogomelos dalgúns deses fungos, pequenos tesouros gastronómicos: o níscaro, a cantareliña, a lingua de gato ou algún boleto.

### **Parada 2: A Gandarela, antesala dun ecosistema de alto valor ecolóxico.**

A Gandarela é unha pequena gándara anterior á lagoa de Carregal, e que a separa da zona de dunas.

A vexetación desta zona está composta por plantas adaptadas a vivir en solos encharcados e de alta salinidade.



**A Gandarela**

No extremo final da lagoa de Carregal e a Gandarela, encontrámonos leiras de cultivo tradicional (basicamente millo).

Os valados que as separan están choídos con pequenas pedras máis ou menos irregulares, o que non é impedimento na perfección da súa construción.

Este camiño aparece endurecido por zonas e cun tono grisáceo, debido á existencia de caolín entre a area.

### **Parada 3: Gran variedade de plantas.**

A medida que avanzamos polo camiño temos oportunidade de descubrir unha gran diversidade de plantas dunares como o carrasco bravo ou o Iberis, endemismo das costas atlánticas da Península Ibérica, e plantas de marisma como os xuncos e a acelga salgada.



**Iberis procumbens**

### **Parada 4: Os fornos de tella, construcións populares de gran interese no contorno do Parque Natural.**


Á nosa esquerda, entre a lagoa de Carregal e o mar, hai unha duna vexetada por árbores. Son piñeiros bravos que só ocupan esta zona na área dunar. A este lugar chámase nos arredores “o forno de tella“, posiblemente porque baixo os piñeiros se atopa un forno deste tipo, moi común na zona.

Despois do seu abandono foi cuberto pola area e a vexetación e, hoxe en día pasa case totalmente desapercibido.

Os fornos de tella eran uns lugares nos que antigamente se elaboraban e cocían as tellas para as casas dos arredores.



Estes fornos fóronse abandonando pouco a pouco, a partir da implantación na comarca de varias fábricas de tella e ladrillo (as telleiras), tamén sen actividade case todas elas na actualidade.



Recreación dun forno de tella

### **Parada 5: A lagoa e a marisma, un ecosistema recente condenado a desaparecer.**

As lagoas e marismas litorais son ecosistemas novos (15.000 anos) se falamos en termos xeolóxicos e con respecto á idade que ten A Terra ( aproximadamente 4.500 millóns de anos).

A tendencia natural destes ecosistemas é que se vaian enchendo pouco a pouco dos sedimentos que lles aportan os ríos ou o propio mar (colmatación) ata que co paso do tempo acaben por desaparecer.

A súa orixe débese a que unha frecha de sedimentos areosos (cordón dunar actual) pechou unha enseada na que desembocaban varios ríos. No seu interior acumulouse a auga formando unha lagoa. No caso da lagoa de Carregal permanece en comunicación constante co mar a través dunha canle, e polo tanto o seu nivel varía en función da marea.

A marisma, coñecida tamén como “Carregal”, ocupa na actualidade unha grande extensión, constituíndo un dos ecosistemas máis senlleiros do Parque Natural.

Os aportes fluviais que reciben a marisma e a lagoa de Carregal proveñen de catro pequenos ríos: o río da Cidade, o río Sanchanás, o río de Sirves e o río Longo. De todos eles, o río Sanchanás é o que maior caudal aporta.



**Marisma**

A desembocadura deste río está flanqueada por un pequeno bosque en galería, composto principalmente por ameneiros e salgueiros. Este bosque rompe a paisaxe chaira da marisma formando un fermoso corredor verde de árbores.

A lagoa de Carregal é unha importante despensa para un gran número de aves.

Varias aves de peteiro e patas longas aliméntanse de pequenos invertebrados que encontran entre o fango e o limo, de aí o seu nome de limícolas, entre as que destacan os pilros, os mazaricos, os biluricos e as píllaras. Tamén se ven con facilidade as grandes garzas, as verdadeiras raíñas do Parque. Todas estas aves encóntranse en incesante movemento á procura do seu alimento mentres non sobe a marea.

**Parada 6: As plantas da marisma están adaptadas a distintos graos de salinidade.**

No treito do camiño máis próximo á lagoa existían distintas plantas adaptadas ás augas da marisma. A salinidade destas augas varía dependendo de se a marea está alta ou baixa. Cando está alta as augas serán salgadas como as do mar e cando está baixa serán case tan doces coma as do río.

A herba salgada posúe os talos carnosos articulados de cor verde que co tempo vólvense avermellados.

A verdoaga mariña é unha pequena planta que nesta zona chega a formar comunidades case que puras.

A canle que recolle as augas da lagoa e de tódolos ríos que desaugan na marisma e as leva ó mar coñécese co nome de Río do Mar.



**Herba salgada**



### **Parada 7: A turba, sinal da evolución do Parque natural.**

No lado norte do Río do Mar queda ó descuberto unha pequena capa de turba. A turba é un carbón vexetal que se forma pola compresión de materia vexetal e a súa posterior descomposición sen a presenza de osíxeno.



**Capa de turba**

Esta capa de turba data de hai varios centos de anos e é o testemuño mudo das elevacións do nivel do mar que fixeron migra-lo sistema dunar cara ó interior. A medida que se producía ese desprazamento ían enterrándose antigas marismas. As plantas destas marismas foron a materia vexetal que forma a capa de turba actual.

### **Parada 8: Unha chaira con gran riqueza biolóxica.**

A gran superficie de lama que queda ó descuberto na marea baixa ten unha elevada riqueza biolóxica. A ela chegan gran cantidade de sedimentos procedentes dos ríos e do mar que traen nutrientes que permiten manter unha importante flora e fauna.

Esta chaira intermareal que se crea entre a lagoa e a desembocadura, é unha zona aproveitada tanto polos mariscadores que extraen berberechos, como por abundantes aves limícolas que se alimentan de invertebrados como a miñoca, que vive enterrada formando unha estrutura subterránea en forma de U. Este verme deposita na superficie pequenas acumulacións circulares de area e lama despois de pasaren polo seu aparello dixestivo.

Un típico visitante deste área é o carrán cristado, unha ave mariña cunha característica crista de cor negra. Esta ave adoita tirarse dende unha altura de tres ou catro metros para capturar pequenos peixes.

O mazarico curlí, o mazarico rabipinto, o mazarico rabinegro, os pilros e as gabitas, son algúns dos limícolas que aproveitan a baixada da marea para alimentárense nesta chaira.

Moitas gaivotas teñen aquí a súa zona de descanso. A máis abundante é a gaivota patiamarela, pero tamén son frecuentes a gaivota escura e a gaivota chorona.

A partir de aquí volvemos sobre os nosos pasos ata o Forno da Tella para tomar un desvío á dereita que nos levará, a través dun cordón dunar, á Praia do Vilar.

A pillara das dunas é un dos valores ecolóxicos máis importante do Parque Natural. É unha limícola que en Galicia conta cunha poboación nidificante de poucas parellas. Cría na parte superior da praia. Deposita os ovos en pequenas depresións da area que fan a función de niños. O parecido entre a cor das dunas e a súa cor é tal que a penas nos permite distinguir ós adultos, e moito menos os seus ovos e polos. Aliméntanse de pequenos insectos e crustáceos que capturan na praia.



**Pillara Papuda**

É unha especie que se ve moi afectada pola presión dos visitantes do Parque Natural, xa que a súa época de cría coincide coa época de maior afluencia á praia.

Involuntariamente, os visitantes espantámolas, o que pode dar lugar a que abandonen os niños; mesmo pisamos os seus niños, os ovos e os polos.

Debido a esto, non debemos rebasa-la área de cría marcada e debemos respecta-los carteis indicativos para que poidan criar.

### **Parada 9: As Pedras das Pozas, portas ó mar.**

Dende aquí temos unha primeira e impresionante visión do contorno marítimo do Parque.

O Océano Atlántico, que baña os máis de 4 Km de praia que se estenden dende a Angueira ata Corrubedo, é o máximo responsable da formación e do mantemento deste complexo sistema ecolóxico que é o Parque Natural.


Entre as pedras é probable que algún virapedras busque alimento, nun constante e incansable ir e vir.

As pozas que se forman durante a marea baixa constitúen un hábitat altamente interesante. As formas de vida que aquí se asentán están adaptadas, non só ó constante embate do mar, senón tamén ás considerables variacións que se producen coas mareas. Estes seres vivos teñen que soportar desde a auga mariña na marea alta, ata as augas doces da chuvia ou a forte insolación durante a marea baixa,

As Pedras das Pozas son unhas pequenas pedras que se sitúan na praia e que, durante a marea baixa, brindan unha espléndida oportunidade para coñece-la vida da nosa costa.

Se continuamos pola beira, veremos numerosos restos que o mar arrastra á costa. Desde anacos de embarcacións ata os máis variados obxectos que tiramos ó mar, e como non, restos de diferentes animais.

Entre estes destaca o gran número de cunchas de moluscos: navallas, mexillóns, berberechos, coquinas, ameixas bicudas, bruxas... Abundan as xibas dos chopos, cefalópodo curioso polo seu comportamento e a súa facilidade en cambiar de cor.



**Chopo**



Para pescar este cefalópodo existen varias artes. Destaca como máis curiosa a denominada “pesca coa femia”. Na época da reprodución do chopo, os mariñeiros pescaban unha femia desta especie. Atábana viva cun cordel e desde a embarcación percorríase a beira da praia lentamente con ela no fondo. Os machos ó vela, tentaban copular, e ese era o momento no que o mariñeiro aproveitaba para collelos. A mesma femia servía para colle-la caldeirada de chopos.

Son frecuentes tamén as pelucas da raia e do gaxapo. Son pequenas bolsas, as primeiras de cor negra e as outras case transparentes, onde estes peixes poñen os ovos que posteriormente se desenvolverán e das que nacerán os pequenos peixes.

Despois dos temporais aparecen outros animais mortos, como gaivotas, mascatos, corvos mariños e mesmo tartarugas mariñas como a tartaruga de coiro, e tamén mamíferos mariños: golfinhos, arroaces, toniñas,...

Entre os restos de algas mortas que chegan á praia, vive un pequeno crustáceo, a pulga da praia. Aliméntase de materia vexetal morta, cumprindo deste xeito unha importante función ecolóxica.

Atoparemos tamén algas de distintas cores. Estas cores varían coa luz que chega ás distintas profundidades onde habitan. Cerca da superficie do mar serán verdes debido a que penetran case tódalas radiacións da luz. A medida que descendemos en profundidade, moitas desas radiacións non chegan, polo que as algas son pardas. E se seguimos descendendo penetran moitas menos radiacións, situándose aquí as algas vermellas.



Cando se trata dunha marea baixa, viva sobre todo, podemos observar exemplares destes tres tipos. Entre as algas verdes destaca a ceba, unha alga con talos en forma de estreitos tubos de cor verde escura, e o lavacán, alga con aspecto de folla de verdura, polo que se lle dan outros nomes como “leituga do mar” ou “verza mariña”.



O bodello é unha alga parda cunhas pequenas bolsas cheas de aire que lle permiten manter erguida a fronde.

Máis abaixo hai un horizonte de golfos, algas de gran tamaño que semellan bosques mariños, de alto valor ecolóxico, xa que gran cantidade de seres vivos encontran refuxio nelas.

Entre as algas vermellas vemos o carrapucho, que se emprega na industria alimentaria, farmacéutica e téxtil.

Nas pozas hai outras dúas curiosas algas vermellas que se impregnan de carbonato cálcico: a silva, de talo fortemente articulado, e o coral, alga coralina que forma costras que elevan os seus bordes formando pregas máis ou menos onduladas.

### **Parada 10: A vexetación coloniza as dunas.**


A vexetación que se instala sobre as dunas axuda a deter o seu avance cara ó interior.

Nunha primeira banda sitúase unha pequena planta de cor verde brillante e follas carnosas, a arenaria do mar, asociada con frecuencia a outras especies como a eiruga mariña e a herba leiteira.

A continuación, existe un segundo cinto de plantas formado pola grama mariña, unha pequena gramínea de longos rizomas e raíces de grande superficie. Acompañando á grama mariña aparecen a correola da praia e a leiteiriña . O cardo de ribeira tamén forma parte deste segundo cinto que axuda a fixa-la duna. Florece entre os meses de xullo e setembro formando fermosas inflorescencias de cor azul morada.

Continuamos ata as Pedras das Martiñas e collemos calquera das pasarelas que nos levan ó punto de inicio do percorrido.

**Vexetación Dunar**



## O CAMIÑO DA AUGA

**Inicio:** Aparcamento da Praia do Vilar.

**Percorrido:** 3 km.

**Duración:** 2 horas.

**Dificultade:** Baixa

O camiño da auga descóbrenos desde a vida que se encontra nunha importante masa de auga como é a lagoa de Vixán, ata os problemas que a súa falta lle causa ós seres vivos, pasando polos aproveitamentos tradicionais que o home fixo deste recurso, neste caso o aproveitamento da súa forza para moer.

Partindo do aparcamento do Vilar, chegamos ata a lagoa de Vixán a través do Campo de Amendo, e desde este punto voltamos ó lugar de inicio.

Desde a lagoa de Vixán existe a posibilidade de realiza-lo itinerario alternativo 1, que nos leva ata o Porto de Abaixo, antigo porto natural con restos dun asentamento castrexo.

Este itinerario conta cunha pequena dificultade na época de temporais xa que a canle de desaugue da lagoa pode impedi-lo paso.

Podemos facer tamén o itinerario alternativo 2, que nos leva ata un conxunto de muíños de río.

Estes itinerarios alternativos non teñen sinalización específica.


### **Parada 1: ¿Como se formou a lagoa de Vixán?**

Desde un outeiro de granito que hai no camiño temos unha completa vista da lagoa de Vixán, o cordón dunar e os prados que a rodean.

O vento e o mar son os responsables da súa formación.

A orixe desta cubeta produciuse despois de que algúns sedimentos areosos quedasen ó descuberto no mar. A acción das ondas e o vento fixo avanza-los sedimentos creando unha frecha litoral. Esta acabou por pecharse e só se abre nas épocas de grandes temporais. No interior desta frecha ficou a masa de auga aportada polo río dos Muíños e pola infiltración.

Co paso do tempo esta zona foise colmatando polos sedimentos aportados polo río. Da antiga masa de auga hoxe só queda a actual lagoa.



Esquema da formación do Complexo



## **Parada 2: O cordón dunar aseméllase a un pequeno deserto.**

Este cordón dunar sitúase entre a praia e a lagoa. Está constituído por dunas vexetadas case na súa totalidade.

A ausencia de auga é unha característica dos cordóns de dunas, e este é un factor determinante para os seres vivos, sendo moi poucos os que están adaptados á súa falta.

Esto débese ós seguintes feitos:

- O substrato areoso filtra a auga con moita rapidez, polo que a penas se retén na superficie.
- O nivel de insolación é moi elevado e a area quéntase rapidamente favorecendo a evaporación da auga.
- O vento, procedente do mar, vén cargado de sales que fan aumenta-la perda de auga nos seres vivos.

Ademais da falta de auga, existen outros factores que condicionan a vida nas dunas. O vento cargado de pequenos sedimentos erosiona a superficie externa das plantas e o substrato areoso é móbil, o que dificulta que as plantas enraícen.

## **Parada 3: Os seres vivos están adaptados ó medio.**

As plantas destes ambientes presentan adaptacións como a presenza de espiñas ou pequenos pelos, teñen as follas de cor verde apagada e engrosadas ou presentan bulbos nas raíces. Todas estas características permítenlle á planta, ben evita-la perda excesiva de auga ou ben acumular a escasa cantidade que hai.

As plantas máis características do cordón dunar son:

**Planta adaptada ó medio**

O feo da praia é unha planta que vive na parte alta das dunas. Posúe longas e profundas raíces que lle permiten aferrarse á duna. As súas follas, que son como fios, impiden que sexa tombada polo vento. Esta planta cumpre unha función moi importante na fixación das dunas.





A cebola das gaiotas posúe un bulbo onde almacena gran cantidade de auga. As súas follas, crasas, son delgadas, longas e dunha cor verde mate, reducindo así a perda de auga.

O cardo da ribeira presenta as follas dotadas de espiñas. A súa cor é verde mate, e a súa dureza protéxeas da erosión producida polas areas arrastradas polo vento.

A leiteiriña ten follas pequenas para evita-la excesiva perda de auga. Ademais teñen no seu interior un látex branco que soltan cando son cortadas, de aí o seu nome popular.

A carrasca de San Xoán caracterízase pola presenza dun conxunto de pelos curtos e mestos que evitan a perda de auga, e ó mesmo tempo, reteñen a auga do orballo e das néboas.

#### **Parada 4: A lagoa de Vixán é un valioso hábitat para a vida acuática.**

A lagoa de Vixán é unha lagoa de auga doce aportada basicamente polo río dos Muíños e pola infiltración. Existe unha importante oscilación no seu nivel de auga dependendo da época do ano, sendo máis elevado no inverno e máis baixo no verán.

As lagoas litorais posúen unha elevada riqueza biolóxica.

Os sedimentos procedentes dos ríos veñen cargados de nutrientes, o que permite que se desenvolva unha rica vexetación, que serve de fonte de alimento e de refuxio para unha gran cantidade e diversidade de fauna.

#### **Parada 5: A vexetación da lagoa distribúese segundo as súas condicións de vida.**

A lagoa amosa dúas comunidades de vexetación claramente diferenciadas.

- A metade interior está ocupada por un extenso carrizal. A canaveira ou carrizo é unha planta que serve de acubillo a moitos animais que habitan na lagoa. Tradicionalmente era empregada como “cama” para o gando. Este uso tradicional permite que o proceso natural de colmatación da lagoa sexa moito máis lento.

Asociado ás canas encontramos o xunco da lagoa ou boedo, con talos cilíndricos e solitarios que poden sobrepasa-los dous metros de altura.

- Na parte noroeste da lagoa, a vexetación está constituída fundamentalmente por comunidades de xuncos, acompañados de diversas gramíneas. Esta zona é empregada frecuentemente como pasteiro polo gando dos lugares próximos.

- Na beira da lagoa existen especies de plantas adaptadas a vivir semimergulladas na auga.

### **Parada 6: As aves acuáticas: os habitantes máis coñecidos da lagoa de Vixán.**

As aves acuáticas son a fauna máis característica da lagoa. A mellor época para a súa observación transcurre entre os meses de setembro a abril. Na época estival o número de especies redúcese e só permanecen aves sedentarias como a galiñola negra, o lavanco real, o mergullón pequeno, que poden verse frecuentemente mergullándose. Outras aves sedentarias que se poden ver son a becacina común e o martiño peixeiro.

Entre as canas podemos ver voar activamente un pequeno paxaro sedentario, a carriza dos xuncos.



**Lavanco Real**

A lagoa de Vixán é un espazo natural de grande importancia na época de invernada como zona de descanso e alimentación dun gran número de aves acuáticas. O diferente lugar que ocupan na lagoa débese á distinta forma de alimentarse: hai patos que se mergullan para busca-lo alimento, e outros, os nadadores, que só introducen a metade do seu corpo na auga.

Na zona central da lagoa sitúanse os patos mergulladores, comunmente chamados parrulos, sendo o máis frecuente e abundante o parrulo chupón.

Nas zonas máis próximas á beira vemo-los patos nadadores. Ademais do lavanco, que na invernada aumenta o seu número, outros patos achéganse á lagoa de Vixán a buscar acubillo e alimento: o pato cullereta, a cerceta común, o pato cincento, e os menos frecuentes: pato asubiador e pato rabilongo.





Outra ave que ocupa a parte central da lagoa é o corvo mariño grande, que se alimenta de peixes que captura buceando.

As zonas menos profundas están ocupadas polas garzas reais, que se manteñen inmóbiles durante moito tempo á espera de que pase algún peixe ou algunha ra. Nese momento lanza o seu peteiro como se dun arpón se tratase para atrapa-lo seu alimento.

Excepcionalmente, especies menos frecuentes coma os cullereiros ou os cisnes reais, achéganse á lagoa en épocas de frío máis intenso.

Neste punto podemos optar por toma-lo itinerario alternativo 1.

### **Itinerario alternativo 1: Polo camiño da historia.**

Desde o campo de Amendo podemos achegarnos, unha vez que atravesamos a canle da lagoa, ó Castro de Porto de Abaixo, castro marítimo do que se poden observar algúns valados enterrados pola area.

#### **PARADA A: O Castro.**

Os castros son pequenos asentamentos ocupados hai uns 1.500 a 2.500 anos polos antigos habitantes de Galicia. A dieta dos habitantes destes castros estaba formada nunha parte importante por moluscos como berberechos, ostras e mexillóns.

É curiosa a proximidade deste castro ó mar. Parece ser que ten a súa orixe na diferenza do nivel do mar da época do xacemento co actual . Daquela, o nivel do mar era máis baixo que o actual, explicando así esta excesiva proximidade ó mesmo.

#### **PARADA B: O Porto de Baixo é un porto natural.**

O nome de Porto de Baixo ten a súa orixe na existencia dun pequeno porto natural que se sitúa pola parte norte do castro, e que era empregado, sobre todo no verán, polos mariñeiros dos lugares próximos da parroquia de Carreira para deixa-las embarcacións (as dornas), sen ter que ir ó porto de Aguiño.



**Dorna na praia de Angueiro**

**PARADA C: A dorna, unha embarcación tradicional con moita historia.**

Neste porto aínda poderemos ver algunha dorna varada na praia. Da mesma forma que se facía antigamente, subíanse tódolos días á praia coa axuda doutros mariñeiros que viñan do mar.

A dorna parece ter a súa orixe en Galicia nas invasións normandas das nosas costas hai uns 600 anos.

Unha das rías máis castigadas por estas invasións foi a Ría de Arousa, como corrobora o feito de termos, no fondo da ría, as torres defensivas de Catoira.

A Ría de Arousa era a que posuía o maior número de dornas en Galicia, xunto coa Ría de Pontevedra, sendo a súa presenza case nula fóra deste ámbito territorial.

Desde o Castro de Porto de Baixo podemos tomar varios camiños para segui-lo percorrido:

- Seguir ata o lugar da Graña, coñecendo un pequeno e curioso tramo de costa, onde podemos ver furnas e praias de croios.
- Achegarnos á lagoa de Vixán polo lado onde se encontra o observatorio de aves.
- Regresar sobre os noso pasos e seguir polo itinerario principal.

### **Parada 7: O campo de Amendo: un campo fértil.**

O campo de Amendo é o lugar onde se sitúan os primeiros campos de cultivo das aldeas próximas. O millo é o principal cultivo dos mesmos. Actualmente, emprégase como forraxe para o gando. Tamén son campos que se empregan como praderías. A principio de verán é frecuente ver ós veciños apañar na herba para alimentaren as vacas.

Carro de vacas cargado de herba no campo de Amendo



**Carro de vacas cargado de herba no campo de Amendo**





Desde aquí continuamos ascendendo polo camiño que discorre paralelo ó de baixada.

### **Parada 8: Os animais das dunas son poucos e camúflanse moi ben.**

Debido a que estamos nun medio moi hostil para a vida, a fauna que habita nas dunas é escasa. Trátase dun lugar onde falta a auga, onde o vento arrastra as areas molestando ós animais e a penas existen lugares nos que se poidan refuxiar e agachar dos posibles predadores.

Unha das características da fauna deste medio é o alto nivel de mimetismo, o que dificulta moito que poidan ser vistos con facilidade.

Os animais máis fáciles de observar son as aves. A máis propia do contorno é a laverca, pequeno paxaro de cor parda-amarela que fai moi difícil podela distinguir cando está na area. É frecuente vela voar en remonte continuo e cantando ata que chega o momento en que se deixa caer en picado ó chan.

A lavandeira amarela é outro pequeno paxaro frecuente neste ambiente. Outros animais menos rechamantes son a lagartixa común e o sapo de esperóns. Este pequeno sapo vive enterrado na area e só sae á noite, sendo o Parque Natural un dos seus refuxios máis setentrionais da Península Ibérica.

Tamén podemos atopar outros animais de menor tamaño, pero non por iso menos importantes, como a eiruga da esfínxe da leiteiriña, que se alimenta das plantas que lle dan o nome, ou o caracoliño das dunas, do que aparecen moitos restos de cunchas.

Seguimos avanzando e na parte alta do camiño temos dúas opcións: continuar á Parada 9 ou realiza-lo itinerario alternativo 2, que nos achega ata os muíños de río.

### **Itinerario alternativo 2:**

#### **PARADA A: As árbores que viven na aldea.**

Neste pequeno tramo de camiño existen algunhas árbores asociadas tipicamente ós núcleos habitados, como o loureiro e o bieiteiro.

Da primeira empréganse as follas como condimento. A segunda é unha árbore cunha compoñente mítica importante, dada a gran tradición popular que ten para espantalas meigas e o mal de ollo. Tamén se utilizaba para construír un xoguete tradicional: o “tiratacos”.

**PARADA B: Nas aldeas consérvanse construcións populares.**

Nas aldeas consérvanse construcións populares, como hórreos, fontes, etc.

Os hórreos, construcións típicas do norte ibérico, servían para garda-lo gran das colleitas, especialmente o millo. Aínda existen algunhas casas coa estrutura e materiais tradicionais. Na planta baixa destas casas encontrábanse as cortes e a cociña e no piso situábanse os cuartos. Desta forma a calor dos animais e da cociña quentaba a casa durante o inverno.



**Hórreo en Vilaríño**

Seguímo-lo camiño e atopamos unha grande oliveira, árbore típica da rexión mediterránea que nas Rías Baixas é frecuente encontrar, sobre todo, asociada ás igrexas parroquiais, xa que está considerada como unha árbore máxica e relixiosa. É unha árbore de crecemento lento e dunha gran lonxevidade, xa que pode alcanza-los 1.000 anos e incluso superalos.



**Oliveira**

Continuamos camiñando e, por unha pista sen asfaltar, chegaremos ó río dos Muíños.

**PARADA C: O muíño de río, un aproveitamento natural dos recursos naturais.**

A auga era traída a través dunha canle desde a presa na que a desviaban do río. Esta caía a través do balde ou buraco do inferno no rodicio.

Coa forza da caída da auga, o rodicio comezaba a xirar, e o seu xiro facía mover unha das pedras: a moa. Deste xeito o gran (de millo, trigo ou centeo) que caía entre a moa (que é a móbil) e o pé (que é a pedra fixa) transformabase en fariña. O gran era depositado na moega e a medida que rolaba a moa, ía caendo máis gran entre as pedras, a través dun pequeno furado: o ollo. Convertido xa en fariña, caía finalmente no tremiñado.

Os muíños podían ter varias formas de propiedade e explotación. Dunha banda, estaban aqueles muíños que pertencían a un muíñeiro e que cobraba unha medida (a maquía) por cada saco que se moía. Trátase dos muíños de maquía.

Doutro lado estaban os muíños de aparceiros, que pertencían a varios veciños do lugar, que se repartían os días da semana nos que ía moer cada un.



Na beira do río dos Muíños hai un pequeno bosque de ribeira ou de galería. Estes bosques cumpren unha importante función ecolóxica como acubillo para a fauna, como regulador de temperaturas ou fixando as marxes do río.

Algunhas das árbores máis características son o salgueiro, que vive máis próximo á beira do río, e o ameneiro, árbores que precisan unha alta humidade no solo para poder subsistir, e que aquí alcanza grandes portes.

A partir de aquí volvemos sobre os nosos pasos ata a parada 9.

### **Parada 9: Os cultivos sitúanse nas proximidades da aldea.**

Adentrámonos nun camiño tradicional delimitado por valados de pedra que separan os distintos campos de cultivo: os muros. Pódese observar con detemento o curioso traballo realizado para a súa construción, resposta perfecta das necesidades do home e adaptada ós recursos que o medio lle ofrecía. Están construídos con pequenas pedras e asentadas por outras de maiores dimensións que se sitúan en posicións intermedias.

O millo e a pataca son os principais cultivos no contorno do Parque Natural. Curiosamente estes cultivos teñen a súa orixe en América e non se introduciron ata os séculos XVII e XVIII, respectivamente.

A pataca foi o cultivo que veu substituír á castaña na alimentación, e de feito nalgúns lugares de Galicia aínda se lle chama “castaña da terra”.

O millo, sen embargo, substituíu a un cereal: o millo miúdo. Esta é a razón de que esta gramínea adoptara este nome en galego, aínda que en moitos lugares o seu nome é o orixinal (maíz).

A medida que avanzamos, os cultivos son cambiados paulatinamente polas explotacións forestais, de piñeiro marítimo principalmente. Entre os piñeiros aparece algún exemplar de cerquiño. Trátase dunha especie de carballo que pode chegar a vivir en áreas de baixas precipitacións e que soporta ben a seca estival.

O camiño lévanos de volta ó aparcamento do Vilar.



## O CAMIÑO DO VENTO

**Inicio:** Aparcamentos dos campos de Olveira.

**Percorrido:** 5 km.

**Duración:** 3 horas.

**Dificultade:** Baixa.

O Camiño do Vento amósanos unha das zonas máis significativas deste espacio natural, os campos de Olveira (pradería posdunar) e a impresionante duna móbil, que destacan polo seu valor xeomorfolóxico, paisaxístico, botánico e faunístico.

Neste percorrido aprécianse as pegadas do home que utilizou os recursos que se encontraban nesta zona, primeiramente dunha forma racional construíndo os fornos de tella que foron empregados para cocer as tellas e ladrillos na antigüidade, e posteriormente, de xeito prexudicial, con masivas extraccións de area que realizaron durante varios anos e que causaron un negativo impacto neste valioso ecosistema.

Trece postes sinalizan as paradas máis interesantes que podemos facer durante o percorrido.

### **Parada 1: Aparcamentos dos campos de Olveira.**

Desde este punto temos unha visión xeral do contorno polo que discorre o itinerario.

A gran duna móbil preside a paisaxe desta parte do Parque Natural.

En primeiro termo hai unha extensa pradería de dunas fixas, coñecida co nome popular de Campos de Olveira, que é a zona onde desde sempre se teñen producido extraccións (primeiro de arxila e nos últimos anos de caolín e de area, ata a súa prohibición).

## **Parada 2: A pradería posdunar.**

A pradería posdunar é unha das áreas máis ricas de toda Galicia desde o punto de vista botánico. É importante que neste tramo non se abandone a pasarela, xa que o efecto do pisoteo pode causar alteracións sobre a flora dunar, moi sensible a estes impactos.

A chaira posdunar alberga unha elevada diversidade botánica. Moitas destas especies teñen un grande interese por tratarse de endemismos, por encontrárense no seu límite de distribución ou por ser este Parque o único espacio que as ampara baixo unha figura de protección.

As orquídeas tinxen os campos coas súas cores a partir do mes de maio e unha gran diversidade delas permítenos gozar co noso paseo.

O carrasco bravo é unha das plantas máis abundantes que lle dá ese aspecto dourado á pradería posdunar.

Unha planta moi interesante é o *Iberis procumbens*, ó tratarse dun endemismo das costas atlánticas da Península Ibérica, que florece entre os meses de maio e xullo.

Outra planta moi escasa é *Omphalodes littoralis*, especie endémica e en perigo de extinción, que só se encontra nas costas da provincia da Coruña.

## **Parada 3: As curiosas aves que viven aquí.**

Nestes Campos de Olveira encontran alimento e refuxio moitas aves.

Un dos valores ecolóxicos máis salientables que ten o Parque Natural é unha ave, case esteparia, que ten esta zona como lugar de cría, aínda que no inverno aumenta a súa poboación con exemplares invernantes. Trátase do alcaraván ou pernileiro, ave de longas patas grosas, cuns característicos ollos grandes e amarelos e de peteiro curto e forte. As súas cores pardas e brancas permítenlle mimetizarse neste contorno pasando practicamente desapercibido para os seus depredadores. Difícil de observar, pódese detecta-la súa presenza gracias ós delatadores gritos que emite ó anoitecer.

No inverno, procedente do norte de Europa, aparece nesta área outra ave en grandes bandadas de ata 200 individuos: é a píldora dourada. A súa plumaxe é parda salpicada de tons dourados, o que lle dá o nome popular.

Tanto o alcaraván como a píldora dourada aliméntanse de miñocas, insectos, lesmas, caracois e outros invertebrados, aínda que o alcaraván pode comer algún que outro lagarto ou pequeno mamífero.



#### **Parada 4: Un xigante con pés de area que se move.**

A duna móbil é unha das de maior dimensión do norte da Península Ibérica. Alcanza unha altura de 16 metros no seu punto máis alto. A súa lonxitude é de máis de 1 km, e o seu ancho é, aproximadamente, de 250 metros.



**Gran Duna móbil.**

Ó se tratar dunha duna non vexetada, os ventos predominantes da zona fan que esta avance progresivamente cara ó interior dos Campos de Olveira. Os ventos do sudoeste no inverno e do nordeste no verán son os dominantes na zona, e son especialmente os primeiros os que fan avanzar á duna uns poucos centímetros cada ano.

A duna presenta un perfil asimétrico. O lado de barlovento, de onde proceden os ventos do sudoeste e que mira ó mar, ten menor pendente e é máis longo, mentres que o lado de sotavento ten a maior pendente, superando os 30°.

As zonas dunares, e especialmente as non vexetadas, son áreas de grande inestabilidade e calquera pequeno impacto pode ocasionar alteracións nas mesmas, polo que é recomendable non abandonar as pasarelas.

### **Parada 5: As Pedras da Ferreira e Pedrecelos.**

Ó chegar á praia da Ladeira podemos aproximarnos ás pedras que quedan ó descuberto durante a marea baixa e observa-la vida mariña que se agacha nas pozas e nos recunchos das pedras.



**Pedra da Ferreira**

Os arneiróns son uns curiosos crustáceos formados por unhas placas calcarias moi duras. No seu interior atópase o corpo do animal, que se alimenta formando correntes de auga cos seus apéndices. Tapizan as rochas ou ben se sitúan sobre moluscos coma os mexillóns.

Os mexillóns son abundantes sobre as pedras. Son, sen dúbida, o molusco máis coñecido e comercializado de todos. A súa explotación comercial realízase en bateas. As súas crías, chamadas mexilla, son recollidas das pedras da costa polos mexilloeiros e levadas ás bateas para engordar.

A púrpura é un gran depredador de arneiróns, mexillóns... É tan lento que pode levarlle atravesala cuncha dun mexillón ata dous días.

Caramuxos e lapas son outros animais moi habituais neste medio. Os caramuxos ou minchas, son coñecidos pola súa abundancia e polo seu uso gastronómico.



**Polbo**

Outros animais que habitan tamén neste particular medio son crustáceos coma os cangrexos e queimacasas, equinodermos coma os ourizos de mar ou mesmo peixes coma os lorchos.

Un aproveitamento tradicional dos recursos mariños nas poboacións costeiras consistía en “ ir á seca”. Na época das mareas vivas, cando o mar baixaba moito, os habitantes da costa ían ás pedras que quedaban descubertas buscando, sobre todo, mariscos, polbo... que quedaran baixo as pedras ou nas covas.

### **Parada 6: O Río do Mar comunica dous mundos diferentes.**

O Río do Mar é a canle de comunicación do tranquilo mundo da lagoa e a marisma de Carregal co bravo Océano Atlántico, sempre en movemento e que, esporadicamente, modifica o seu curso variando o lugar polo que desauga, por causa das fortes correntes e das tempestades invernaís.

Este espacio é explotado por mariscadores en determinadas épocas do ano extraendo basicamente berberechos. A súa forma de extracción é manual, coa axuda dun pequeno sacho, polo que se teñen que introducir case ata a cintura na auga.

### **Parada 7: Un salgueiro con moita historia.**

Se continuamos avanzando, ó lado da duna móbil, hai un salgueiro que sobrevive ás duras condicións de vida da zona dunar. Unha curiosidade sobre a evolución máis próxima no tempo desta zona, é que precisamente no lugar no que nos encontramos existía no século XVI un pequeno bosque de salgueiros que foi desaparecendo baixo o avance da duna.



**Salgueiro**



Máis adiante pódese ver con claridade a capa de turba que chega ata a duna móbil. Esta capa é a testemuña da antiga extensión da lagoa e marisma e do avance inexorable da duna móbil cara ó interior do complexo.

### **Parada 8: A chaira intermareal, un gran comedor para as aves.**

A chaira intermareal é o espacio da lagoa onde conflúen o medio doce e o salgado e que se encontra máis influenciado por ambos.

O grupo de aves é o máis doado de observar, especialmente numerosas limícolas que buscan o seu alimento remexendo entre a lama durante a marea baixa: o mazarico curlí, o mazarico rabinegro, o pilro común, o bilurico común ou a píldora cincenta.

Tamén a garza real e a garza branca se alimentan neste medio de pequenos peixes, ras e outros anfíbios.

Na época invernal o corvo mariño grande busca peixes dos que se alimentan entre as augas das canles da marisma. Ademais de velo nadando e mergullándose, pódese observar coas súas ás estendidas para que lle sequen despois de levar algún tempo na auga.

Entre os mamíferos, a lontra é o máis significativo dos que viven na marisma do Carregal, alimentándose de peixes, anfíbios, réptiles, crustáceos e incluso de pequenas aves acuáticas. Os seus hábitos son crepusculares e só podemos encontrar restos ou evidencias da súa existencia: as súas pegadas, os seus excrementos, de forte olor a aceite de peixe, compostos de espiñas e escamas.

### **Parada 9: Unhas duras condicións para a vida na marisma.**

Os animais e vexetais que viven na marisma habitan nunhas condicións moi particulares, xa que se trata dun medio que está dominado pola auga salobre, mestura entre a auga doce que aportan os ríos e a auga mariña aportada polas mareas e os temporais. Ademais, a salinidade da marisma varía: diariamente, coa subida e baixada das mareas e estacionalmente, coas épocas de maiores chuvias e as máis secas.

Outro factor que se debe engadir é o feito de que amplas extensións quedan ó descuberto un longo período de tempo.

Na marisma atópanse tres ambientes ben distintos:

- as augas doces aportadas polos ríos.
- as augas salgadas procedentes do mar.
- a terra firme sobre a que se desenvolve a marisma.

A vexetación está adaptada ás constantes variacións de salinidade das súas augas. Os xuncos, xuncas, herbas salgadas... danlle un aspecto característico á paisaxe da marisma: unha ampla chaira de cor cincenta e apagada, só atravesada por pequenos e luminosos fíos azuis que discorren cara o mar.

**Parada 10: As pedras da lagoa atópanse rodeadas dunha lenda.**

No medio da marisma de Carregal hai unhas curiosas pedras, denominadas popularmente como as Pedras da Lagoa, sobre as que xira unha lenda arredor da pegada de Santiago Apóstolo e a figura do cabalo. Conta a lenda que "... Santiago Apóstolo, co seu cabalo, atravesa a enseada de Corrubedo nun espectacular salto que vai dende o Monte da Cidá ás Pedras de Lavandeira e ás Pedras do Canal e dende aí a Corrubedo, quedando as pegadas reflectidas nas pedras...



**Pedras da lagoa**

A marisma de Carregal foi utilizada desde sempre polos habitantes da zona. Unha testemuña dese uso son as canles que se dispoñen perpendicularmente unhas con respecto das outras, formando unha especie de mosaico reticular. A razón deso parece estar en que as canles foron navegables e ata o fondo delas chegaban barcas en busca das tellas que se facían nos fornos.

As xunqueiras séguen sendo explotadas polos seus propietarios, aínda que cada vez menos. O xunco emprégase para face-la cama para o gando, cortándose cada catro anos, normalmente nos meses de setembro e outubro. Aínda que son “dominio público”, as xunqueiras teñen os seus propietarios, e na marea baixa vense os marcos que delimitan cada propiedade.

### **Parada 11: Os cultivos, a propiedade e as sebes.**

Dende esta parada pódense observa-los distintos aproveitamentos agrícolas que se desenvolven desde sempre no interior deste espacio natural.

O máis importante en canto á superficie ocupada é o millo, seguido das patacas.

O millo cultívase basicamente para alimenta-lo gando, mentres que as patacas son para consumo propio ou para a venda. Antigamente, no século XVIII, os principais cultivos no contorno eran o trigo, o liño, o centeo e o millo miúdo.



**Millo**



**Estripeiro**

As sebes rodean os prados e leiras, e teñen como función principal a separación entre as propiedades ou entre os usos que se fan a un lado e outro da mesma.

Están formadas por arbustos que na maior parte dos casos non chegan a supera-los tres metros de altura: loureiros, abruñeiros, estripeiros, pereiras bravas.





As sebes son unha excelente protección fronte ó vento para os cultivos, xa que este diminúe a súa intensidade cando as atravesa. Outra función ecolóxica é que constitúen importantes reservas xenéticas ó albergaren gran diversidade de especies que encontran aquí sitio para criar, alimentarse e descansar.

Moitas aves insectívoras coma os ferreiriños, teñen nestas pequenas illas un espléndido refuxio.

### **Parada 12: A man do home crea pequenos ecosistemas.**

Seguindo o camiño atopámonos cunha pequena charca de onde hai tempo se extraía o barro para fabrica-las tellas e ladrillos que se cocerían nos fornos de que había nos arredores.

As especies de árbores que rodean a charca son as máis típicas dos bosques de ribeira: os ameneiros e os salgueiros, acompañados doutras especies vexetais como espadanas, xuncos, etc..

Na charca habitan pequenos invertebrados como zapateiros, larvas de libeliña e de cabaliño do demo, e vertebrados como ras e pintafontes.



**Ra de San Antón**

### **Parada 13: Os fornos de tella, unha industria local importante.**

Se nos fixamos, nas proximidades do aparcamento, principio e fin deste itinerario, aprécianse dous montículos cubertos de vexetación. Son os restos dos fornos da Cortiza e de Canosa.

O forno de tella constaba dunha base rectangular de ladrillo e pedra, onde se situaban as tellas e os ladrillos. Os lados da construción central estaban flanqueados por dous muros que chegaban ata a parte alta. Na zona traseira era onde se facía o lume.

Nas proximidades había catro fornos de tella, sendo na súa época unha industria local importante. Ata aquí chegaban barcos en busca de tellas que despois eran levadas a vilas como Noia.

### **A prehistoria nos arredores do Parque Natural.**

Nos arredores do Parque Natural encontrámonos con numerosos restos dos nosos antergos: antas ou dolmens (dolmen de Axeitos ou a Arca do Barbanza), petroglifos (Pedra das Cabras) e castros ( o castro do Facho, o do Tahume, o da Cidá, o de Porto de Baixo...), testemuñas do antiga que é a ocupación do territorio.

Estes pequenos castros, nos que posiblemente vivían non máis de 70-80 persoas, teríanse dividido en sectores económicos ós que se dedicarían: os costeiros, ó marisqueo e á pesca e os interiores, principalmente á gandería e á agricultura. Se observamos a distribución destes poboados nun mapa, podemos observar como estaban conectados visualmente entre si.



**Dolmen de Axeitos**

Estiveron habitados, aproximadamente, entre o ano 1.000 a.C. e o 800 da nosa era, sendo abandonados pouco a pouco, para pasar a ocupar zonas máis baixas, xa que perderon a súa función defensiva orixinal, achegándose máis ás zonas productivas. O aumento da poboación produciu a súa expansión e a creación de novos núcleos. Pero non só se modificou a situación, senón tamén as técnicas de explotación agrícola e as técnicas constructivas: introduciuse a forma rectangular para as construcións fronte á circular, posiblemente por necesidades de espazo, para darlles máis altura e introducir dentro o gando que axudada a quenta-lo fogar.

Qué mellor forma de remata-lo percorrido polo Parque Natural que contempla unha posta de sol dende o faro de Corrubedo.

### Faro de Corrubedo





## LENDAS ARREDOR DO COMPLEXO DUNAR.

As lendas máis estendidas en Corrubedo fan referencia á antiga existencia dunha cidade chamada Valverde (tamén recibe os nomes de Malverde, Reirís, Sirves ou Bretal) que quedou asolagada baixo as augas da lagoa de Carregal.

### A LENDA DO BOI BRUÓN.

Nunha lagoa que hai no lugar chamado Reirís pertencente ó Concello da Santa Uxía de Riveira, dise que está somerxida unha antiga cidade. Cóntanse varias lendas sobre ela; unha é a coñecida por “O boi Bruón”.

Algunhas veces ó pasar preto da lagoa de Carregal, poden escoitarse os bramidos dun colosal boi que parece estar somerxido baixo as augas; e tamén se conta que na superficie poden verse as burbullas, como se ó respira-lo animal saíra á superficie o aire expulsado polos seus potentes pulmóns.

Cóntase que, alá por tempos moi remotos, había naquel lugar un palacio real, e arredor del, as casiñas dos servos; e chamábase aquela poboación a cidade de Reirís.

Toda a xente quería moito á filla do rei, que era moi sabia, boa e fermosa. Ela axudaba ós pobres e dáballes de comer, non das sobras da comida do palacio, senón dos mesmos manxares que se cocían para as xentes de palacio. E atendía e axudaba ós enfermos, e ensinaba ós nenos moitas cousas, coma contos, adiviñas e xogos.

O inverno era moi frío e de moitas néboas e xeadas. Un día daqueles de cru inverno, chegou ó palacio do rei un mouro moi ben portado pero que ía atecido polo frío. A filla do rei apiadouse del e díxolle que entrara e que se quentara ó lume da súa cheminea, na que ardía unha boa fogueira de lume de carballo. E despois deulle de comer e de beber.

Aquel mouro namorouse da princesa e díxolle que quería casar con ela porque, ademais de ser fermosa, tiña moi bo corazón. O rei díxolle que non quería nada con mouros, que eran xentís e máxicos, e que a súa filla gardábase para un príncipe que fose branco e roibo coma ela e que fose tamén leal e valente e soubese manexa-la espada e a lanza, sen usar mañas ruíns nin encantamentos.

Tomou moi a mal o mouro esta resposta, pero díxolle que tamén quería saber o que a princesa dicía de todo aquilo.

A princesa replicou que unha cousa era axudar a quen o necesitara sen mirar quen era, e outra entregarse sen amor a un home que nin pola liñaxe, nin pola xentileza era para emparellarse con ela.

- ¡ Arrepentirédesvos! – bramou o mouro irritado. E coa mesma levantouse e saíu do palacio.

Entón comezou a treme-la terra e o palacio a moverse coma as árbores cando sopra o vento forte; e toda a xente, horrorizada e chea de medo, fuxía. Na pequena cidade tamén a xente fuxía porque as casas derrubábanse e as fontes botaban tan enorme caudal de auga, que corría polas rúas coma os grandes regatos orixinados polas chuvias de inverno.

O rei, ó fuxir coa súa filla nun cabalo, viu que o mouro contemplaba, dende un outeiro, toda aquela ruína e ríase de todo o mal que provocara como unha burla cruel para vingarse deles. Entón o rei empuñou a súa espada e dirixiu o cabalo a todo galope ata o mouro que, co gozo do que contemplaba, estaba despreocupado. Pero, cando escoitou o galopar do corcel, sentiu medo e tentou escapar pero, como xa non era mozo, non podía correr e entón converteuse en touro, pero o rei co seu cabalo foille atallando tódalas voltas e, impedíndolle as saídas, obrigouno a ir ata a cidade, xa medio somerxida. A princesa, tirando as súas xoias á lagoa que ía cubrindo as ruínas da cidade, pediu axuda ás fadas boas dicindo:

-¡ Que ese mouro traidor e malvado non saia xamais das ruínas e das augas que causou coa súa maldade e pene para sempre no máis fondo do lago!

O mouro, sen perde-la figura de touro, foi somerxéndose na auga e comezou a dar grandes saltos para tratar de escapar; pero en vez de saír fora da lagoa, máis e máis se metía nela ata que, bramando de pavor, desapareceu entre as augas.

O rei, a princesa e toda a xente, que afortunadamente puido salvarse daquela destrución, fóronse de alí con pena polos bens perdidos xa que deixaban todo canto tiveran. Pero asentaron noutro lugar e estableceron unha nova cidade, aínda que non se sabe con certeza cal é das vilas dos arredores da lagoa.

E, polo que se acaba de narrar, dise que se escoita en certos días como sae daquelas augas o bramido do touro somerxido.

(A esta lenda refírese o licenciado Molina no seu libro “Descrición do Reino de Galicia”, publicado no ano 1.550)

## OUTRAS LENDAS.

Outra das lendas é a dunha princesa (algúns din que unha serea), filla do rei da vila que alí existía, que por ceibar auga dunha poza quedou enfeitizada. A marea asolagou a vila e por moito tempo escoitáronse os laídos da princesa, “cantos doentes coma os das ondas do mar”.

Tal princesa, cóntase en Corrubedo, pode ser liberada por un pasadizo que existe dende a Pedra da Ferreira ata mesmo debaixo dos montes da area (dunas).

Frei Martín Sarmiento, no seu “Viaxe a Galicia” (1754-1755) xa relata o seguinte: «... corre a voz que o mar chegaba á ponte de Santo Tomé, que dista cerca de unha legua, que en dita ponte vense argolas, ás que amarraban os barcos... Non é imposible que o mar chegase a Santo Tomé, pois todo é baixar polo espacioso val de Carregal. Hoxe hai á beira do mar uns montes de area que impiden ó mar que suba como antes subía.

Corre no país, pola proximidade do monte da Cidá, que no Carregal houbo na antigüidade unha gran cidade chamada Valverde que se somerxeu co mar.

Eu creo que si houbo tal cidade, sería Artes, que está á ladeira do devandito monte e que co tempo ven a parar en aldea.»

Tamén López Cuevillas e Bouza Brey na obra “Prehistoria e folclore da Barbanza” (1927) recollen a fermosa testemuña dun veciño do concello de Riveira:

« Na lagoa de Carregal, que se olla ó pé do monte, está asolagada a cidade de Malverde onde había mouros que foron desbotados por Calromano e os doce pares de Francia e mas Oliveros, e nunha peneda do monte hai unha patada do cabalo de Roldán, dada cando este pediu, despois do sol posto, unha hora de día para derrubar ós inimigos. É dende entón que, despois do sol posto, hai unha hora de luz.»

O mesmo señor conta como había moitos anos que un barco pasara por fronte do Río do Mar preguntando pola cidade de Malverde e, como lle dixeron que tiña desaparecido hai tempo, ergueu velas e marchou.





## PIRATAS, RAQUEROS E BICHICOMAS

Son moitos os contos, lendas e historias verdadeiras en torno a Corrubedo, Riveira e toda a Ría de Arousa. Foron vilas historicamente saqueadas por piratas. Primeiro os viquingos no século IX, logo os sarracenos e otomanos e posteriormente corsarios ingleses.

En 1739 Riveira foi asaltada polos ingleses e a cidade foi tomada. O representante do tesouro e inquisición da vila, Pedro Arias Mariño de Soutomaior, veu como incendiaban a súa casa e facían prisioneiros. Este buscou reforzos en Olveira, Artes e Corrubedo, e baixando dende A Garita recuperou a vila.

Conta tamén a tradición que antigamente nas zonas costeiras máis perigosas, coma a de Corrubedo, existían persoas que practicaban a piratería dende a costa.

A técnica que empregaban consistía en move-los fachos, que tiñan a función dos faros actuais, unhas millas mar a dentro. Como consecuencia os barcos achegábanse máis á costa e encallaban nos baixos, co fatal desenlace do naufraxio. Entón os raqueros (nome polo que se coñecía a estes piratas), ían rouba-las mercadorías dos barcos naufragados.

Esta historia non só existe na tradición galega. Tamén é propia das costas británicas, onde a estes piratas chamábanlles “beachcombers”.

Curiosamente, na zona das Rías Baixas, chámaselles “bichicomas” ás persoas ruíns e aproveitadas.

**O NOSO PROXECTO VOZ NATURA**



## O NOSO PROXECTO VOZ NATURA.

Este proxecto de educación medioambiental, enmarcado dentro do programa Voz Natura, levouse a cabo integramente no Parque Natural do Complexo Dunar (1.000 ha) e nos montes limítrofes pertencentes á Comunidade de Montes de Olveira que foron devastados polos incendios forestais.

Dentro do Complexo Dunar as actuacións leváronse a cabo nos tres itinerarios coñecidos como Camiño do Mar, Camiño da Auga e Camiño do Vento, que percorren totalmente o Parque Natural, polo que podemos afirmar que todo este espacio natural se beneficiou da nosa actuación medioambiental.

Nos montes limítrofes co Parque traballouse sobre unha superficie total de 2'5 ha, no lugar coñecido co nome de Espiñeirido.

A posta en marcha desta actuación correu a cargo dos 66 alumnos e alumnas que cursan 2º de E.S.O. do Colexio Galaxia, de Santa Uxía de Ribeira (A Coruña), divididos en dous grupos. Cada grupo fixo 6 visitas de traballo de maneira individual e outras catro visitas fixéronas os dous grupos conxuntamente, completando un total de 16 visitas de traballo.



**NÓS**



En cada unha destas xornadas os alumnos e alumnas desprazábanse ata o Parque en autobús para pasar alí todo o día. O horario de traballo era de 10 a 13'30 h pola mañá e de 15'30 a 17'30 h pola tarde, cun descanso de 13'30 h a 15'30 h para xantar. En total foron **5.808** horas de intenso e fructífero traballo.

Ademais de todo isto, no colexio facíanse reunións de posta en común nas que se analizaba a marcha dos traballos e nas que cada grupo informaba ó outro do realizado o día anterior e preparábase a xornada seguinte.

O traballo realizado comprende varias actuacións:

- a) **Limpeza xenérica de camiños e sendeiros** que percorren o Parque e que na actualidade estaban en desuso debido á gran cantidade de maleza que os cubría (Camiño da auga).



**Imposible camiñar**

Fai anos estes camiños eran utilizados polos labradores para chegar ata as súas leiras, polos mariñeiros que tiñan as súas dornas (típica embarcación da paisaxe mariñeira galega) na praia de Angueiro e por pescadores deportivos que se acercaban andando ata a praia do Vilar ou ás zonas rochosas, á pesca de robalizas, polbos, sargos..., polo que se mantiñan limpos. Estes camiños estaban abandonados na actualidade debido a que a maioría das leiras están a campo, os mariñeiros que

### Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

Todo isto motivou que nestes camiños crecese a maleza e quedaron inutilizados para o seu uso cotiá. Agora están de novo abertos para que tanto veciños como visitantes do Parque poidan pasear por eles.



#### Listo para camiñar

Dentro desta actuación tamén se limpou e canalizou o sendeiro que vai dende o CIELGA (Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral Galego) ata a lagoa de Carregal (Camiño do Mar), facendo unha limpeza das gabias e tapando os regos feitos pola auga no camiño.

Carregal (Camiño do Mar), facendo unha limpeza das gabias e tapando os regos feitos pola auga no camiño.

O obxectivo desta actuación era, por un lado, recuperar antigos sendeiros e camiños que xa hai tempo que non se utilizaban e que forman parte do itinerario coñecido coma “Camiño da Auga”. Ó mesmo tempo os alumnos aprenderon que non é necesario queimar a broza despois de estar cortada, senón que pode **REDUCIRSE** a compost e **REUTILIZARSE** como fertilizante. Estes dous erros completan, xunto coa **RECICLAXE** que se leva a cabo no colexio, os **tres erros** ecolóxicos.



**Reducimos, obtemos compost e Reutilizamos**

Ademais os alumnos e alumnas comprobaron “in situ” os efectos (erosión, depósito de sedimentos...) provocados pola auga sobre o “Camiño do Mar” e aportaron posibles solucións a estes efectos; vendo como cun simple mantemento de limpeza dos vieiros naturais polos que discorre a auga, se soluciona este problema.





**¡Que bonito quedou!**

- b) **Recuperación de muros de pedra tradicionais** que estaban case totalmente derrubados debido a temporais, animais ou pola acción das propias persoas.



**Os efectos do abandono**



**Os efectos do abandono**

Estes muros permaneceron en pé mentres se cultivaron as leiras, xa que os propietarios ían repoiñendo as pedras caídas. Na actualidade, ó non cultivarse a maioría delas, os propietarios tiñan abandonado o seu coidado.



**Hai que ver qué diferenza**

Con esta actuación perseguíamos un dobre obxectivo:

- Aprenderlles ós rapaces unha forma distinta e típica de cerra-las propiedades privadas.
- Que os adultos tomasen conciencia da necesidade de manter as tradicións locais e a identidade propia, sendo a mellor forma de facelo a transmisión destes costumes ás xeracións máis novas.



- c) **Para mante-la sintonía do entorno** eliminamos distintos obxectos que dentro do Parque causaban un forte impacto visual ós visitantes e substituímos por cancelas de madeira de piñeiro, máis axeitadas co entorno.



**Un somier sen colchón**

Foi tal o éxito desta actuación entre os veciños, que moitos acudían a nós para pedirnos tamén cancelas para as súas leiras.



**Todos pedían cancelas**

Tamén se procedeu ó lixado e vernizado de tódolos postes indicadores de parada dos tres camiños, así como os soportes de madeira dos paneis que nos mostran a totalidade do itinerario.





#### Un novo traxe

Con isto os alumnos e alumnas decatáronse que hai un lugar para cada cousa e que cada cousa ten o seu lugar, e o sitio natural dos “somieres” é debaixo dos colchóns e non pechando as leiras; que co coidado esmerado dos obxectos, a estes prolóngaselles a vida e, polo tanto, non se deben desbotar simplemente pola súa aparencia xa que cun mínimo esforzo e coidado recobran o seu mellor aspecto.

#### d) **Reforestación de zonas assoladas polo lume.**

Plantáronse uns 3.000 piñeiros nunha superficie de 2'5 ha de monte pertencentes á Comunidade de Montes de Olveira, situado nos límites do Parque.



**O poder do lume**

O obxectivo estaba claro, comprobar os devastadores efectos dos incendios sobre o medio natural e aportar solucións para manter verde Galicia.



**Savia nova...**



**...para o monte**

No proxecto inicial estaba contemplada a recuperación da pradería posdunar, traballo que non se puido levar a cabo debido á dificultade que tivemos para recoller no Parque Dunar as sementes de determinadas especies endémicas ( só se

puido recoller semente dunha especie), polo que quedou pendente para realizar no programa Voz Natura 2002/2003.

Esta actuación foi substituída por outras dúas:

- e) **Arranxo da pasarela de madeira que percorre a Gran Duna Móbil dende o campo de Olveira ata a praia da Ladeira, retirada da area que a cubría e enganche das táboas soltas**



**¡Canta area por quitar!**



Con este labor o alumnado concienciouse do importante papel que desempeña a pasarela como medio de protección das aves que aniñan nesta zona e da vexetación da pradería posdunar. E asemade como medio de defensa contra o impacto que supón o constante paso das persoas polos montes de area.

**Por fin despexada de area**

- f) **Construcción dunha maqueta do Complexo Dunar a escala 1:5.000.**



O obxectivo era que os rapaces levaran á práctica as escalas, un concepto traballado na clase de matemáticas. Ó mesmo tempo, ademais de ver, aprenderían a captar detalles que a simple vista lles pasaban desapercibidos: as cores, texturas, matices... dándose conta de que todos estes aspectos cambiaban no Parque coas estacións do ano.



As curvas de nivel



As cores do parque

Con todas estas actuacións, ademais dos obxectivos concretos de cada unha delas, e dos que acabamos de falar, pretendíanse outros **dous grandes obxectivos**:

- I. Transmitir ó alumnado a idea de considerar a Natureza en xeral e o Parque en particular, un ben común co que temos o dereito de gozar e co que temos o deber de coidar como algo de noso.
- II. Facer ver ós maiores que os nenos non son uns meros receptores pasivos dunha axeitada educación medioambiental, senón que eles tamén poden ser transmisores activos desta correcta maneira de coidado da Natureza.

Todo este extenso e intenso traballo levámolo a cabo dende o mes de setembro ata finais de marzo.

Empezamos a mediados de setembro cunha prospección inicial no Parque Natural para organizar o traballo a realizar nas futuras visitas.

No mes de outubro comezamos coa limpeza de camiños xa que o outono é a mellor época para cortar a maleza ó non estar a vexetación tan tupida. Tamén neste mes procedemos á limpeza das gabias porque así deixamos os camiños listos para recibir nas mellores condicións as primeiras chuvias do outono.

Continuamos nos meses de novembro e decembro coa recuperación dos muros debido a que neste mes, as poucas leiras que na actualidade se cultivan, aínda estaban sen preparar a sementeira e así non lles causabamos ningún prexuízo. Nestes mesmos meses procedemos ó arranxo da pasarela da Duna antes de que os fortes temporais do inverno a cubrisen de area de maneira que resultase imposible sacarlle.

A comezos do ano 2002 continuamos dous dos labores que principiámos no 2001: a limpeza de camiños e a recuperación de muros de pedra polo exterior das leiras que xa estaban sendo labradas

Foi tamén neste mes cando lle lavámo-la cara ó Parque xa que, despois de termos os camiños limpos, o impacto do “fenómeno somier” era máis visible. Procedemos a facer un cambio: retirámo-los elementos de máis impacto (somieres) e colocamos no seu sitio outros máis harmoniosos co entorno e de grande éxito entre os veciños (as cancelas de piñeiro).

Nunha destas xornadas, o tempo meteorolóxico, que ata o de agora nos respectara, xogounos unha mala pasada e comezou a chover á hora de xantar. Foi nese momento cando o biólogo do Complexo, Manuel Somoza, aproveitou para levar á práctica cos alumnos/as unha unidade didáctica sobre a flora e a fauna deste Parque Natural.

No mes de febreiro chegou a hora de poñerse mans á obra coa maqueta. Un grupo de 20 alumnos e alumnas, os máis pacientes, ía se-lo encargado de reproducir en miniatura ata o último recuncho do Complexo húmido nunha maqueta a escala 1:5.000. Os demais desprazáronse ata Espiñeirido para face-la reforestación dunha superficie calcinada polo lume nos montes de Olveira.

O último mes para a realización do proxecto utilizamos as lixas e as brochas para lixar e vernizar os postes indicadores que sinalizan os tres camiños. Aproveitáronse os últimos días do mes para retocar tódalas nosas actuacións e rematar o proxecto.



Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán  
Un proxecto medioambiental cualificado como “pioneiro en Galicia” pola  
Directora do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e  
Vixán, África Núñez.




**Un proxecto pioneiro en Galicia**




**Voz Natura somos todos**






## ÍNDICE 2ª PARTE

A REALIZACIÓN DO PROXECTO.	
• Listos para caminar.	63
• Cara Valverde.	67
• Choendo muros.	70
• Loitando con Eolo na Duna móvil.	75
• En sintonía co entorno.	83
• O Parque coas nosas mans.	89
• Galicia verde.	97
• Traballamos a estética do Parque.	99
DIARIO DUNHA TRABALLADORA.	
• Diario dunha traballadora.	102
AS NOSAS MASCOTAS.	
• As nosas mascotas.	129
DOSSIER DE PRENSA.	
• La Voz de Galicia.	132
AGRADECEMENTOS.	142
BIBLIOGRAFÍA.	143



## A REALIZACIÓN DO PROXECTO





## LISTOS PARA CAMIÑAR

Eran os primeiros día que iamos ó Parque cos rapaces e rapazas. Estaban felices e expectantes, o primeiro porque estaban ó aire libre e non entre catro paredes escoitando sabe deus qué cousas, e o segundo porque querían ver in situ como eran as zonas nas que ían traballar e das que tanto lles faláramos.

Chegou o bus, cargamos nel tódalas ferramentas recén mercadas e coas súas etiquetas identificativas que poñían en letras grandes Voz Natura, subimos Nós e comezamos o camiño cara o noso proxecto.

Cando chegamos ó Cielga, alí estaba o persoal do Parque agardando por Nós, con África, a súa directora á cabeza que nos deu a benvida moi afectuosamente. Entramos a unha sala onde nos proxectaron un vídeo no que puidemos ver gracias a unha simulación como fora a formación da duna, das lagoas e de toda a marisma, a vexetación, algunhas das aves que aquí viven, réptiles...

Despois desta proxección, África entregounos cadanseu libriño dos itinerarios do Camiño da Auga e do Camiño do Mar nos que iamos traballar nestas primeiras xornadas, e falounos do grande labor que iamos realizar, dándonos as gracias por todo e animándonos a que aprenderamos a amar o Parque e a respectalo, que era parte de todos Nós. Tamén nos regalou una gorra (azul para un grupo e vermella para os do outro) co logotipo do parque, o tallante, que a partir deste momento pasou a ser parte de Nós.



¿Aquí hai camiño?

Sáimos do Cielga con moitos ánimos e ilusións, moi contentos porque nos acababan de gabar e iso enchíanos de fachenda. Collemos as ferramentas e dirixímonos ó punto de partido. Cando chegamos alí viron que realmente aquilo que se denominaba camiño non estaba apto para camiñar, e que realmente necesitaba un profundo e urxente traballo. Primeiramente fíxose un reparto dos utensilios, tendo moito coidado con a quen se lle daban os fouceiros, porque nalgúnhas mans poderían ser perigosos. Despois pasouse ó reparto dos angazos e legoñas e tras unhas breves demostracións de como había que comezar o traballo, repartímonos en varios grupo e ¡ó choio!

Para moitos e moitas era a primeira vez que collían un fouciño ou un angazo, pouco a pouco foron colléndolle o truco e con algún que outro traballo fóronlle gañando a batalla ás silveiras, que se nos resistían, pero ó final con máis forza que maña ían caendo. Como toda esta broza estaba enganchada nos muros, quen tiña o angazo ía axudando a quen tiña o fouciño, enganchando as silveira e turrando cara fóra, desta maneira cortar era moito máis fácil. Outros angazos eran os encargados de ir xuntando o que xa se cortara e poñelo nas carretas. Os conductores das carretas, cando xa as tiñan cheas conducíanas ata unha zona que era o cruce dos distintos camiños nos que estabamos a traballar e ían amoreando alí o que xa cortáramos. Un grupo moi pequeno ía recollendo as pedras que estaban caídas no chan ou que nos ían caendo a Nós dos muros e con moito coidado volvíanas colocar. Coidado dobre, porque había que tentar que quedaran ben asentadas e ó mesmo tempo que non nos caeran nos pés.



**Mans á obra**

Todo este traballo realizámolo coas mans protexidas con luvas, e a cabeza tapada coas nosas flamantes gorras novas, porque o sol ese día quixo acompañarnos no noso labor e petaba con forza, e a media mañá fixemos un descanso á sombra e bebemos para poder refrescarnos e continuar co noso.

A medida que ía avanzando o traballo, este ía dando os seus froitos, as silvas xa dominaban menos e os camiños ían sendo cada vez máis camiños.



**O traballo a medias**



Era normal oír comentarios de que aquel ou aquela non traballaba, que as silvas estaban moi duras, que había moitos bechos nas pedras dos muros que estaban caídas no chan... Todos e todas soñaban coa hora de iren dar un paseo pola praia despois de xantar, e así o fixemos. Sempre para pola tarde quedaban traballos máis calmados, máis de retoques, de ir revisando o traballo xa realizado e prestándolle atención ós pequenos detalles e deixando todo impecable.



**Caramba se hai camiño**

Xa o último labor que fixemos foi o de transportar toda a broza cortada para unha zona apartada do tránsito na que había unha baixada no terreo, alí fomos colocando todo, para que de maneira natural servira de fertilizante despois de converterse en compost por efecto do tempo, da auga e das bacterias.

## CARA VALVERDE

Tocáballe a vez ó Camiño da Auga, este é o que vai dende o CIELGA en dirección norte ata a lagoa do Carregal pasando pola Gandarela. É o itinerario máis longo, nin máis nin menos que seis quilómetros. A maior parte do mesmo vaise facendo por unha zona areosa na que hai a típica vexetación dunar nun primeiro momento e despois a propia de solos encharcados e de alta salinidade, pero non é un camiño propiamente dito, foi o paso de moitas persoas por alí o que trazou este sendeiro. Sen embargo, o primeiro tramo do mesmo si é camiño, e ía ser esta a zona que Nós iamos restaurar.

O camiño en cuestión estaba bastante deteriorado por mor das abundantes chuvias que nos amargaron o inverno pasado. Presentaba moitos regos ó longo de todo o seu percorrido causados polas arroiadas que foron buscando un camiño polo que baixar cara o mar, e colleron o máis brando porque as gabias polas que toda esta auga debería discorrer estaban cheas de pedras e restos de toda clase de vexetación que impedían a circulación normal da auga polas mesmas. Nós tiñamos que amañar estes desperfectos e ó mesmo tempo preparar o camiño para a auga que chegaría no inverno que estaba a piques de comezar.



Arredor do Cielga.



Tapando covas.

Recollemos as ferramentas que deixamos no baixo do CIELGA: legoñas, pas, angazos, fouciños, carretas e guantes e dispuxémonos para comezar. Como o camiño a restaurar era bastante longo fímonos repartindo por tramos. As legoñas e os angazos foron nunha primeira fase limpando as gabias. Na carreta botabamos os restos de vexetación que nelas había e despois procediamos a baleirala en zonas menos visibles do camiño, buscando sempre fochancas que de paso aproveitabamos para tapar. Os fouciños ían cortando silvas que invadían o camiño e que tamén acababan nas fochancas. Tivemos coidado sempre de ir sacando aquelas pedras que estaban soltas pola gabia adiante pero deixabamos aquelas que xa estaban semienterradas porque pensamos que tamén axudarían a que a auga non arrastrara toda a terra.




¡Ai hop, ai hop!

Cando rematamos de facerlle o camiño á auga pasamos á segunda fase: tapar os regos. Para levar a cabo este traballo o persoal do Parque cun dos seus tractores foi deixando montes de terra por todo o camiño. Nós tiñamos que ir estendéndoas procurando sempre que o camiño quedara o máis nivelado posible. Aquí a carreta, os angazos e as pas foron os encargados de levar a cabo o choio.



A carreta colocábase ó lado do monte de terra que deixara o tractor, a pa enchíaa con esta terra e ela despois camiñaba un pouco e envorcaba esa terra que os angazos se encargaron de ir estirando, buscando nun primeiro momento tapar as “engurras” do terreo e despois deixar todo ben niveladiño. Era como se lle estiveramos a facer un “lifting” ó camiño.

Probablemente foi este un dos traballos máis fáciles de todos os que realizamos, non había que empregar moita forza, e os que máis gozaron foron os angazos que ían dando suaves movementos á terra para que quedara ben situada no que ía ser a súa casa polo menos ata que chegaran as primeiras chuvias. Cando chegamos ó final do traxecto que tiñamos que amañar a terra tiña as marcas todas dos angazos como se fora unha tea con brocados. Estaba tan bonita que ata daba pena tripala para volver de novo ó punto de partida, o CIELGA, onde deberíamos gardar ata a próxima ocasión todo o noso material.



**Detrás do outeiro, Valverde.**

## CHOENDO MUROS

Na Barbanza, a maneira tradicional que existe para pechar as leiras é con muros, que simplemente son cerrados feitos con pedras superpostas unhas enriba doutras e que recordan moito ós que aparecen nos castros. Como moitos dos terreos desta zona xa non se traballan, as pedras dos muros estaban caídas por mor do paso do tempo, dos temporais, dos animais que andan por alí e tamén pola deixadez dos donos para quen ter os muros ben choidiños como en épocas pasadas xa non significaba nada. Nós estabamos a piques agora de comezar un labor no que iamos ter que compaxinar ó mesmo tempo a forza e a maña. Ós alumnos e alumnas cando lles explicamos que o traballo consistía en poñer pedras unhas enriba doutras fixeron ó unísono o mesmos comentario “¡que fácil!”, iso podía parecer a primeira vista, pero a lei da gravidade existe e tiveron que loitar contra ela.



**Pedriña a pedriña.**



**Seguimos a traballar.**

Nesta ocasión non necesitabamos case ningunha ferramenta, só collemos uns angazos e as luvas, que esas si que eran imprescindibles, aínda que todo hai que dicilo, houbo quen prefería coller as pedras coas mans sen protexer.

Desprazámonos seguindo o Camiño da Auga ata a zona coñecida co nome de Campos de Amendo, na que era perfectamente visible que os muros non desempeñaban xa a función para a que foran feitos había anos, nin pechaban nada nin impedían o paso a ninguén. Tiñamos que facer que volveran ser útiles, eles estaban alí para algo.



**Xa vai indo pouco a pouco.**

Comezamos: a maioría das pedras estaban a ámbolos dous lados do muro, moitas delas medio enterradas ou tapadas polas herbas e outras foran a rolos pola pendente abaixo uns cantos metros. Coma sempre distribuímonos por zonas.



Seguindo o percorrido que facía o muro fomos collendo as pedras caídas que colocabamos enriba das que aínda se mantiñan en pé. As que estaban medias soterradas ou cubertas polas herbas colliámolas coa axuda dos angazos, e as que estaban máis afastadas do muro eran traídas ata o seu lugar de orixe.



**Pouco a pouco as pedras volven ver o mar.**

Este desprazamento si que custou algo de traballo, porque moitas das que tiñamos que devolver ó seu sitio eran pedrolos que pesaban moito. O sistema empregado para o seu transporte non podía ser o de collelas a peso, porque tiñan que ser varias persoas as que as ergueran e despois éralles moi difícil subir a pendente. O sistema que discorreron para movelas foi o mesmo que as levara ata o fondo da pendente: a rolos. Hai que aclarar que tanto eles coma elas lles botaron man ás pedras por igual e pronto se deixaron de escoitar comentarios que facían alusión ás capacidades de cada un dos sexos. Así, entre varios ou varias collían unha pedra e comezaban a movela cara arriba facéndoa rular e ir para onde ela non quería. ¡Nós que para arriba e ela que para abaixo! Resistíanse e poñíanse teimudas en que non querían subir pero máis teimudos eramos Nós e ó final acabaron

subindo. Pero aí non acababa a dificultade, porque o paso seguinte era erguelas e colocalas sobre as outras pedras.

Despois de varios intentos infructuosos, porque as pedras caían outra vez, e de varias rosmadas que os rapaces e rapazas lles botaban, foron caendo na conta que choer muros non significa simplemente poñer pedras unha sobre outras, senón que era un traballo de enxeñería, onde tamén había que aplicar as leis da física. Foron dándose conta de que as pedras máis grandes tiñan que ir sempre nas zonas baixas, que despois de pousalas había que ilas movendo ata que asentaran ben e non se bambearan. Colocadas as grandes había que poñer as medianas e por último as máis pequenas, que non por ser pequenas eran as máis obedientes, tamén eran rabudas. Ás veces estaban xa colocadas, quedaban bastante ben e despois ó poñer outra nun lugar próximo facía que se producira un imperceptible movemento que provocaba que volviera ó chan algunha das que acababamos de poñer. Gracias a estas caídas aprenderon que outra dos factores a ter en conta á hora de conxugar o verbo choer era que a forma da pedra tiña a súa importancia, non servía colocada de calquera maneira, había que ir probando en horizontal, en vertical, ó dereito ou ó revés, e que as pedras máis pequeniñas das que nun primeiro momento se esqueceran porque as consideraban insignificantes eran elementos claves de enxeñería, coma nas pontes que facían os romanos. Ben colocadas, por moi minúsculas que foran eran como esas pezas dos quebracabezas que nunca sabemos onde van e que cando somos quen de colocalas fan que todas as outras encaixen sen a menor dificultade.

Ademais de loitar contra a teimudez das pedras, este traballo tivo asociada outra loita, a que tivemos cos bichos. Moitos foron os berros que se escoitaron, non por causa de que lles caera unha pedra nos pés (que por sorte non pasou en ningún momento), senón porque ó levantar unha pedra aparecía unha araña, unha lesma ou batallón de formigas. Aquí comezaban as risas, aquelas rapazas e aqueles rapaces ós que estes inofensivos animalifños lles daban noxo negábanse a erguer pedras, e os demais ríanse deles e non lles botaban unha man. Entón, víanse na obriga de mover á araña ou á lesma que estaban alí tan panchas, ben coas súas luvas ou coa axuda dalgún pao que por alí había. Se os bichiños sorprendidos eran formigas a cousa xa era máis difícil, porque había moreas delas correndo para tódolos lados, era como unha grande cidade en hora punta. Con esa pedra o que facían era agardar un pouco ata que o tráfico se despexara. Temos que dar o noso pésame dende aquí a algunhas familias destes bichiños, porque aínda que non era a nosa

intención, máis de un pasou a mellor vida, pero todo hai que dicilo, aqueles que xa non están entre Nós foi pola súa imprudencia. Sabendo que o batallón do Colexio Galaxia andaba por alí, se tiveran dous dedíños de fronte abandonarían os seus fogares por unha hora e despois de que marchamos poderían volver sen ningún tipo de problema. Ben, como agora xa pasou, dende aquí o noso *requiés cat in paque*.

Ó final deste traballo logramos que as pedras volveran ver o inmenso mar dende os Campos de Amendo e ó mesmo tempo as aves que viven na lagoa de Vixán. Aínda que non nos entendemos moi ben porque non falamos a mesma lingua, no idioma internacional dos xestos, as pedras estaban a darnos as gracias porque volvían ser importantes, e tanto elas coma nós desexabamos que ter un muro ben choído volvera ser motivo de orgullo para os donos das leiras, que se volveran oír comentarios como os que se facían antano “mira que curioso e traballador é fulaniño, ¡que ben choidiño ten o seu muro!”.



**Manteñamos as tradicións.**



## LOITANDO CON EOLO NA DUNA MÓBIL

A segunda xornada de traballo no parque natural de Corrubedo desenvólémola no Camiño do Vento, sobre a gran duna móbil. Chegamos ata alí cargados de ferramentas: legoñas, pas, angazos... A nosa misión (non imposible) era amañar os desperfectos que varios axentes causaran na pasarela de madeira que atravesa a duna móbil para axudar a facer este camiño con máis facilidade e causando o menor dano posible á duna. Os axentes ós que nos acabamos de referir son principalmente dous, por unha banda as persoas desaprehensivas ás que lles fixo gracia xa dende o primeiro momento que se instalou a pasarela ir quitándolle as abrazadeiras que unían uns tramos a outros, deixándoas así sen sostén e a mercede dos movementos da area (que si que se move, ¡e canto!). Polo outro lado, o segundo grande axente “inimigo” da nosa pasarela é Eolo. Evidentemente, o noso deus do vento dende o principio dos tempos descubriu un enclave paradisíaco en Corrubedo e non se puido resistir ó seu encanto. Comezou a xogar coa area ata que formou a grande duna e despois as dunas máis pequeniñas. E continúa aquí, encántalle acarifiñar a area e así, cos seus mecos vaina movendo durante todo o inverno, e cando chega o verán descubres que a paisaxe segue sendo marabillosa pero que non é igual ó ano pasado.

### Táboas soltas

Dende que se colocou a pasarela, Eolo descubriu un novo xogo, que consiste en tapar as táboas. Cada “curso” colle un tramo a tapar, e claro, como el é un deus sempre o consegue. Este ano propúxose dúas cousas a falta de unha: quería tapar todo o primeiro tramo da pasarela que estaba descansando sobre a area, e co tramo final argallou outro divertimento, ver cómo se derrubaba, como ía caendo igual que as pezas do dominó. Para iso foi sacando pouco a pouco a area de debaixo das táboas, e coa inestimable axuda dos desaprehensivos dos que xa falabamos antes, a madeira comezaba a caer, pero... nese momento chegamos Nós, a brigada especial do Colexio Galaxia ó rescate da pasarela.



Antes de comezar o traballo distribuímonos en varios grupos. Un primeiro batallón colleu a lixa, os pinceis e o verniz e comezou a poñer guapos os trece postes indicadores de parada deste camiño.

Outros colleron o arame, alicates e demais utensilios necesarios para volver enganchar aquelas táboas soltas. E por último, o resto dividímonos en tres grupos, cada un deles tiña unha zona de pasarela para limpar de area, o traballo era duro pero comezamos con moita ansia.



**Inspeccionando o estado da pasarela.**



O grupo de pintores foi lixando con esmero os postes e dándolle despois unha capa de verniz xenerosa para que a madeira non se deteriore por causa dos axentes climáticos. O traballo en si non era moito, a dificultade, residiu en que tiveron que facer o percorrido de cinco quilómetros que ten esta ruta. No agradable paseo, moitos descubriron unha parte do parque que non coñecían e puideron ver admirados a capa de turba que chega ata a duna móbil, e que algúns pensaban que era piche (o alcatrán que por desgracia chega con frecuencia ás nosas praias como resultado do pouco coidado que os barcos teñen ó limpar os seus depósitos ou das mareas negras que ás veces nos asolan). Tamén viron de lonxe a maxestosa Ferreira e seguro que lembraron as historias de mouros das que faláramos na clase.



**Lixando antes de vernizar.**

Os especialistas no arame, acompañados por persoal do parque, foron inspeccionando as táboas, e cando descubrían unha que estaba solta, procedían a suxeitala. Tiña a súa complicación e fixéronse especialistas na materia, de feito nas xornadas da tarde continuaron neste labor os mesmos que estiveran pola mañá, porque xa dominaban o tema. Así, despois de descubrir a desunión, procedían a meter o arame polos furados das táboas ata chegar ós enganches que aínda estaban ben, entón afrouxaban as porcas dos enganches, colocaban ben os arames e volvían apretar. Desta maneira a táboa ou grupo de táboas xa quedaba outra vez suxeita ó corpo central da pasarela.



Houbo un anaco que presentou grandes dificultades, onde se encontraban as pezas de dominó das que falabamos antes, xa que estaban a piques de derrubarse. Con grande esforzo, e dentro do posible, volvemos poñelas dereitas, movéndoas cara a zona que tiña máis area e que non presentaba tanto desnivel. O traballo era máis de técnica e maña que de forza e ó final da xornada logramos o noso obxectivo: todo volvía estar atado e ben atado.



**O poder de Eolo.**



**Resultaba perigoso camiñar pola pasarela.**



**Os resultados foron satisfactorios.**

Repasamos agora o labor dos “paleadores”, aquí si que o único que servía era a forza. Nun primeiro momento ninguén quería ir co pincel e co verniz, querían quedar nos montes da area, pero despois de comezar o arduo labor de palear, todo o mundo envexaba a sorte dos



que estaban facendo de “pintores de brocha gorda”. Ben, o traballo era sinxelo: quitar area. Comezamos con moita énfase, repartíndonos os instrumentos que levabamos. Así, en cada tramo pequeno a limpar había quen daba conta da pa, sacando a area dende o centro de onde imaxinabamos estaba a pasarela e botándoa cara os lados o máis lonxe posible. Ó primeiro aínda se alcanzaba algunha lonxitude no “disparo”, pero pouco a pouco as forzas ían baixando e a area quedaba máis cerca.



#### **Traballando a pleno pulmón.**

O grupo das legoñas estaba colocado as beiras dos das pas, no que serían as extremas da madeira e alí procedían a retirar a area que lles mandaban os compañeiros e compañeiras e a que xa había. É fácil imaxinar a situación, e seguro que pasa por todas as cabezas unha deducción lóxica desas que nos poñían na escola cando existían outros planos de estudo: xente nova con ganas de troula e ás veces con poucas ganas de traballar, xunto con area e “armas útiles para o disparo” implican perigo. Evidentemente, en varios momentos, tanto pola mañá coma pola tarde deron en petellar e en botarse area os uns ás outras e viceversa, cos consecuentes “piques” e tamén coas consecuentes risas. Aínda que estaban os distintos grupos bastante separados e non se vían, todos nalgún momento dado acabaron cheos de area ata as orellas.



Un último grupo, o máis envexado polos outros, mentres non lles tocaba a eles ou a elas ese labor, era o dos angazos. O que facían era peitear a duna, que se deixaba acariñar e non protestaba. Si protestaban os perruqueiros, porque cando xa lle tiñan ben alisada a melena á duna, remexíase todo ó botaren os das legoñas máis area enriba. E ¡jala!, a volver peitear.



**Distribuidos en grupos ó longo da pasarela.**



**Preto do fin dun longo día de traballo.**

Xa cando estabamos rematando, creouse un novo grupo, os que tiñan luvas, que de xeonllos ou sentados sobre a pasarela ían pasándolle a man á madeira para eliminar todo posible resto de area que aínda puidera quedar alí, era a obsesión polo traballo ben feito e ben rematado, coidando tódolos detalles, como se se tratara da alfombra real pola que alguén importante ía desfilar en breves momentos.



**Por fin libre de area.**

Todo este traballo foi realmente moi duro, porque requiriu moito esforzo físico, e nós sabemos de quen tivo que repetir dous días seguidos o de padexar e que o segundo día non daban nin a pé nin a man, e tiveron que coller todo o instrumental e ir relevando ós rapaces e rapazas, quitándolle importancia ó traballo, como que era coser e cantar, e por dentro cunhas terribles dores musculares e pensando ¡como pode haber xente que pague por ir a un ximnasio perder “chicha” con todo o traballo que hai aquí ó aire libre, nunha paraxe tan paradisíaca e beneficiosa para o espírito e a saúde!

Para nós a parte divertida foi oír cómo se queixaban de que os demais non facían nada (isto pasou en tódalas tarefas desempeñadas, pero aquí foi onde máis se escoitaron as voces acusadoras). Todos botaban de menos o traballo que fixeran a semana anterior cortando toxo, que todo hai que dicir tamén lles parecera arduo no seu momento. E máis divertido aínda era cando algunha voz dicía “jo profe, era mellor estar facendo matemáticas no cole”, nese momento mirábanse, meditaban o que se acababa de dicir e volvían padexar con ansia, porque así e todo as matemáticas tampouco son tan fáciles.

Ó final do segundo día logramos o noso obxectivo e toda a madeira quedou ó descuberto, estabamos esgotados pero felices, acababamos de meterlle un gol a Eolo, sabiamos que pouco ía durar a nosa felicidade se ó deus xoguetón se lle daba por poñerse a soprar, pero o grande esforzo merecera a pena.

**Ó final do traballo sentimos unha gran satisfacción polos resultados obtidos.**



## EN SINTONÍA CO ENTORNO

Comezabamos neste momento un traballo moi distinto ó que levabamos feito ata o momento, non iamos intentar agora amañar “desperfectos” provocados pola natureza, como fora sacar a area que o vento levara ata a pasarela nas dunas ou cortar as silvas que naceran nos camiños (seguramente porque ninguén lles dixera que alí non podían nacer), neste caso tiñamos que amañar os “desperfectos” causados polo home: moitos dos donos das leiras que forman parte do Camiño da Auga colocaran como portal das súas propiedades uns somieres, o que o dicionario define como: “parte da cama constituída por un soporte elástico composto por unha rede metálica ou por unha serie de láminas de madeira sobre as que se coloca o colchón”. En ningún momento fala de que pode ser usado como portal. Se cadra os donos das leiras o que querían facer era empregar un dos erres ecolóxicos e reutilizar algo que nas súas casa xa non lles servía para nada. Non dubidamos de que a súa intención non era en ningún momento agredir ó Parque, pero a verdade era que o impacto visual causado por estes elementos estraños era moi forte, tanto que os propios rapaces se quedaron moi sorprendidos a primeira vez que os viron, e iso que xa lles faláramos da súa existencia.



**¡Isto non é reutilizar!**



Tiñamos todas e todos moi claro que eses elementos rompedores da harmonía existente no Complexo húmido no que estabamos a traballar tiñan que desaparecer, o noso labor ía ser pois o de sacalos de alí, pero non podíamos deixar abertas as leiras, tiñamos que respectar a propiedade privada e pechalas como estaban. Nós non podíamos facer grandes portais, pero si podíamos facer un modelo sinxeliño que cumprira a mesma función que a dos antiestéticos somieres. Os novos portais ían estar formados por unhas cantas táboas de piñeiro, sen moitas dificultades na súa construción pero cun resultado útil e funcional e que ó mesmo tempo “facían xogo” co contorno.



**Fóra do sitio.**



**Facendo as cancelas**

A estrutura dos portais fora ideada polo persoal do parque, eran seis táboas en total, catro por unha banda e dúas pola outra. As catro primeiras irían unidas de dúas en dúas cun espacio entre elas e suxeitas por outras táboas máis pequenas. Despois enterrariámolas un pouco, estarían colocadas a cada un dos lados do boqueiro da leira. Para facer a función de peche colocaríamos as outras dúas madeiras que tería a medida do portal e que irían metidas entre as táboas que colocamos en sentido vertical. Para abrir o portal simplemente sería necesario desprazar cara un lado cada unha destas táboas.

Gracias a uns topes que tamén lle iamos colocar a estes traveseiros, non poderían ser sacados nin por un lado nin polo outro. Evitabamos desta maneira a incomodidade que podería supoñer para os donos das fincas que se lles soltaran as travesas, porque debido en moitos casos á súa lonxitude podería ser difícil para unha soa persoa colocalas outra vez no seu sitio. Tamén evitabamos con estes topes que calquera desaprehensivo que pasara por alí puidera levar as táboas.

Fixemos antes de nada coa axuda do persoal do Parque un reconto de cantos portais teriamos que facer, despois preparáronse as táboas que ían substituír ós xa mencionados somieres e comezaba o noso traballo.



**Preparando o sitio.**



**Buscando a harmonía.**

Desprazámonos por grupos ata as entradas de varias fincas, levando ata as mesmas as táboas que necesitabamos, os pas e legoñas e as puntas e o martelo. Xa no sitio sempre procediamos da mesma maneira: separabamos para un lado o somier, para iso, normalmente tiñamos que desamarralo duns paos ós que estaban suxeitos con cordeis ou con cables de Telefónica (seguimos co orixinal concepto de reutilización que teñen os nosos paisanos).



Limpabamos un pouco o sitio, que con frecuencia tiña silvas, se había algunha pedra que caera do muro separábamola colocándoa noutra zona do cerrado e mirabamos cal sería o mellor sitio para facer os furados nos que irían cravadas as madeiras. Elixido o sitio comezabamos a cavar coa axuda das pas e das legoñas ata facermos un oco non moi grande. A cousa non sempre foi fácil, nun dos cerrados atopámonos serias dificultades e tivemos que facer varios intentos ata darmos co sitio adecuado, porque alí debaixo había unha laxe moi grande e pouco soterrada que non nos permitía cavar.

Xa co furado feito pasabamos a espetar as madeiras, primeiro nun lado e despois no outro. Despois de cravadas tiñamos que volver botar terra pisando moi ben a zona para que a madeira quedara ben segura. Pasabamos entón á parte final: meter os travesaños.



**Sintonizando co entorno.**

Despois de poñelos no seu sitio era cando procediamos a poñerlles os topos dos que falabamos antes e que impedirían que puideran saír por calquera dos dous lados.



Foron moitos os portais que puxemos e non todos no mesmo día. Con isto dos portais pasáronnos varios detalles que demostraron que tiñamos razón cando comezamos este proxecto ó ter como un dos nosos grandes obxectivos que os maiores aprenderan que os pequenos tamén poden facer algo pola natureza e asemade que aprenderan deles e da súa vontade por facer as cousas ben. Un dos días que estabamos moi afanados no noso traballo, achegóusenos un paisano todo contento. El tiña unha leira das que acababamos de pechar co noso bonito portal, e quería facernos saber que tiña outras dúas un pouco máis para arriba e a ver cándo llelas iamos ir pechar.

Evidentemente explicámoslle ó señor que nos era imposible facelo nese momento, porque quedaba fóra da zona na que estaba proxectada a nosa actuación pero alegrámolo cando lle dixemos que non se preocupara, que para o curso que ben iamos solicitar continuar co traballo que estabamos a desenvolver no Parque e que xa procuraríamos pechar harmoniosamente as outras leiras da súa propiedade.



**As medidas perfectas.**

Outro detalle foi que o segundo día que dedicabamos ós portais, ó dirixírmonos á seguinte leira que nos tocaba pechar descubrimos que aparecía unha entrada nunha finca que antes non estaba. Deducimos que aquela leira debía ter entrada por outra das súas extremas, e o dono, ó ver o feitiños que quedaban os portais que estabamos colocando no Camiño da Auga, decidiu que el tamén quería un.

Foi quitando tódalas pedras que ata o momento eran os elementos que pechaban a súa propiedade e colocoulle a modo de traveseiros dous xigantescos talos das flores que estaban a anunciar a morte de dúas pitas das que abundan na zona. Tivemos pois que encargar máis madeiras e facer un portal a maiores dos que se pensaran no primeiro momento.

Ó lado dunha das fincas deixamos temporalmente un dos somieres que quitamos para que aqueles que pasan por alí habitualmente repararan na diferenza e para que os que pasaran por alí por primeira vez se decataran de como antes aquela zona tan bonita estaba “mal sintonizada”.



**Colocamos oito... e pedíronnos moitas máis.**

## O PARQUE COAS NOSAS MANS

Un grupo de alumnas e alumnos ía levar a cabo unha experiencia moi interesante: elaborar unha maqueta reproducindo a escala 1:5000 o Parque Natural. Para realizar este labor, pedimos asesoramento ó profesor de tecnoloxía e á profesora de plástica para ver quen consideraban eles que serían máis adecuados para este traballo. Escolleron a uns cantos, que se apuntaron moi contentos porque se sentían moi orgullosos de seren os elixidos. Xa no Cielga, pensouse que se necesitaban algunhas persoas máis para este labor. Imaxinando que todos querían tomar parte na maqueta, fomos designando mediante un xogo con números a quen lle tocara a sorte de quedar facendo este traballo. A nosa sorpresa foi moi grande cando comezamos a ver que non todos ou todas poñían boa cara, entón preguntámoslles qué pasaba, e quedamos abraiados cando nos argumentaban que preferían non facer a maqueta, non porque non lles apetecera, senón porque se consideraban un pouco chafalleiros, e tiñan medo de estragala. Nese momento démonos conta de que para eles era unha gran responsabilidade o de realizar a maqueta, non era como cortar toxo ou silvas que pode quedar un pouco mellor ou un pouco peor, este era un traballo de envergadura, era algo que non era só noso, senón que ía ser de todo o Colexio Galaxia, que todo o mundo o ía ver, e que tiña que estar feito polos máis coidadosos e expertos no tema.



O mapa sobre o cortizo.



Traballamos as escalas.



Despois de saber xa quen ían ser os encargados deste interesante labor, sentamos todos dentro do Cielga, o lugar no que estaba todo o material co que íamos traballar. Lembróuselles o que eran as escalas e asemade o persoal do Parque que colaborou con Nós foilles explicando cales eran os pasos que íamos seguir para poder obter ó final unha reprodución o máis fiel posible do noso querido Parque. Tamén vimos como modelo a maqueta da zona que realizaron uns expertos e que forma parte da exposición permanente do Cielga. Pola mente dos “manitas” pasou a idea de que non ían ser capaces de facer algo tan bonito, e houbo quen fixo en alto este pensamento. Como xa sabíamos o importante que era para eles que quedara ben, falámoslles, para que entenderan, que evidentemente non ía quedar como aquela que estabamos a ver, pero para Nós ía ser moito máis bonita e ía ter máis mérito, porque ían ser as nosas mans as que ían modelar os montes e as dunas. Os nosos dedos ían marcar a canle do Río do Mar e a profundidade das lagoas. Serían os nosos ollos os que terían que captar as cores da maxestosa natureza que nos rodeaba, e a nosa memoria sería a encargada de gardar toda esta información que posteriormente lle transmitiría á nosa vea artística para lograr despois de moitas mesturas o noso particular arco da vella. En definitiva, a responsabilidade era moita, pero con cariño, coidado e interese todo se podía lograr, e a maqueta estaba máis chupada que a pipa dun indio.



**Buscando as texturas do Parque.**

Antes de comezar miramos con atención o precioso cartel do Parque que África Núñez, a directora do Parque nos regalara a cada un para que nos quedara na retina unha imaxe de conxunto con cores. Gardámoslos con coidado e esmero nun lugar no que non correran riscos de mancharse e puxémonos MANS á obra.

Como en tódolos traballos, o primeiro que fixemos foi un reparto das tarefas, e xa comezamos coas especializacións no traballo. Un pequeno grupo encargouse de pegar nas ventás da galería do Cielga varias fotocopias do plano topográfico da zona que nos ía servir de modelo. Os mapas xa estaban preparados, e cada altitude estaba marcada cunha cor diferente.

Despois repartímoslles as alturas (25 metros, 50 metros...) en grupos de catro. Tiñan que ir ó mapa coloreado, colocar enriba coa axuda dalgún compañeiro ou compañeira outro mapa e marcar as zonas nas que estaba a súa altura. Despois de feito isto procedían a recortar o que acababan de sinalar. Recalcamos moito o feito de que a orde era importantísima nesta primeira fase do traballo. Colocamos unha caixas para que foran botando o papel que xa non lles facía falta, e tiñan que ter coidado de non perder as pezas recortadas, e de que en todas se seguira vendo a cor, para saber de que altura eran.



**Capa sobre capa.**

Paso seguinte: pegar as siluetas na cortiza con cola lembrando sempre escribir por debaixo a altura que lle correspondía, para non confundir despois as pezas, porque a verdade é que nos xuntamos con bastantes. Aproveitamos este momento para lles falar un pouco da cortiza, recalcando algo que nos parecía fundamental: tódolos materiais que íamos empregar eran ecolóxicos, non sería normal que Nós non cumpríramos esta premisa, de non facelo, o noso traballo non sería para nada o que se pretendía, sería só fachada, aparentar, non sentir o que estabamos a facer.

Paralelamente, outro grupo saíra dar unha volta polo exterior para recoller coas súas mans pedras de distintos tamaños que despois pasarían a ser parte do castro, a Ferreira, as rochas do extenso mar... e para captar coas meniñas dos seus ollos o colorido do Parque, eran tamén os encargados da pintura e a súa sensibilidade e atención a tódolos detalles por insignificantes que puideran parecer era importantísima. Cando volveron, colleron as cores e comezaron a facer as mesturas.

Catro foron os encargados de tentar reproducir as texturas. No parque hai herba. Ben, pois a nosa herba ían ser serraduras ás que lle íamos dar a súa cor con xiz verde machucado e feito po. Tamén había xunqueiras bordeando a lagoa do Vilar, pois os nosos xuncos serían os pelos dun pincel, que fomos cortando un a un, a tamaño axeitado. As casas que están dentro do Parque (das que falaremos despois) teñen tellados, para facérmolos machucamos anacos pequenos de tella de verdade que despois coamos para quedármonos só coa que chegara a ser po.

A cousa xa ía tendo cada vez máis xeito, o seguinte foi ir pegando no taboleiro de madeira, que nos ía servir de base, a cortiza, seguindo a súa numeración en sentido ascendente; primeiro as altitudes máis baixas e despois as máis altas. Cando pegamos todas as pezas, o aspecto da nosa maqueta era moi bonito e colocamos provisionalmente o mar para ver como quedaba, parecía un pastel de milfollas en capas. Apertamos ben para que a cola fixera o seu traballo o máis pronto posible. Era necesario comezar coa seguinte fase: cubrir todo coa pasta de celulosa. Como para esta fase non eramos necesarios todos, xa que o espacio a traballar era só o que ocupaba a maqueta, houbo quen pasou a dedicarse a outras tarefas, que todo hai que dicilo cada vez necesitaban de máis coidado e atención: facer as casas, as telleiras, os muíños, o castro, a lenda, as árbores e o logotipo do Parque.



Imos por partes:

Sobre a cortiza xa pegada tiñamos que estender a pasta de celulosa, que veu sendo unha mestura entre plastilina e barro. Colliamos pequenos anacos coa man, humedeciámolos e despois de colocados sobre os montes, iámolos estendendo cos nosos dedos húmidos. Tiñamos que estendelo ben para que tapara todo e quedara ben lisiño. Que bonito foi facerlle as sinuosas curvas á duna, o curuto do Monte da Cidade (enclave inigualable para ver o Complexo Dunar na súa inmensidade), o camiño da auga que vai ó Carregal e chega ata o mar, a profundidade das dúas lagoas...



#### **Modelando os montes.**

Os encargados de facer as edificacións colleron cartón pluma e foron partindo anacos pequenos, cando os vimos fómossellos colocar ó lado da maqueta para que se deran conta de que o seu tamaño era desproporcionado, que eran inmensas. Cortáronas noutros anacos moito máis pequenos e fóronas pousando nunha caixiña para que non se perderan, cousa bastante fácil por outra parte. Fixeron tamén a Casa da Costa e o Cielga, con esa forma de L que o caracteriza. O paso seguinte foi facerlles os tellados, para iso, cun pincel moi finiño botabamos cola sobre un dos lados e espaxiamos por riba po de tella abundante, faciamos presión coa man e sacudiamos o po que sobraba. Posteriormente

íanse colocando na caixiña correspondente, para que non se perderan e non se deterioraran.

As telleiras fixémoslas con pasta de celulosa á que lle demos unha forma case cónica, o máis parecida posible ás reproducións das mesmas que viramos e despois fómoslles incrustando po de tella.. Acabadas xa, deixámolas na mesma caixiña onde estaban as casas, para que secan ben e non se extraviaran.

O castro do Porto de Abaixo realizámolo con pasta de celulosa á que lle demos unha forma circular e na que despois incrustamos pedriñas minúsculas das que recolleran os compañeiros e compañeiras na súa saída exterior.

Os muíños fixémoslos igual que as casas, pero o seu tamaño era aínda máis pequeno, polo que suamos bastante para que quedaran ben porque ás veces case non os dabamos collido coa man.

As árbores parecían xeados. Tivemos que cortar escarvades en anacos moi pequeniños e moi finiños. Fixemos boliñas minúsculas de pasta de papel e despois cravabámoslles os escarvades. Facíámoslles coas mans húmidas unha forma que semellara a copa dunha árbore, untabámolas con cola e metíámolas nas serraduras verdes, pousabámolas con todo o coidado do mundo e deixabámolas secar.

O logotipo do parque, o tallante, foi feito entre tres rapaces. O proceso foi similar ó da maqueta. Recortaron a silueta dunha fotocopia, pegárona na cortiza e despois foron cubríndoa con pasta de papel dándolle a súa forma característica. Aínda que pode parecer fácil, a cousa tivo a súa dificultade. Tamén este mesmo grupo foi o encargado de facer unha rosa dos ventos, que indicaría o norte na nosa maqueta. Igual que co tallante, recortaron a silueta, pegárona na cortiza, volveron recortar, cubriron con pasta e deixaron secar, non sen antes alisar moito cos dedos a súa superficie.

A lenda fixémosla sobre un anaco de papel pluma que pintamos e sobre o que despois con moito esmero escribimos: Camiño do Vento, Camiño do Mar e Camiño da Auga (no que se pode ver un itinerario dobre, no que hai posibilidade de escoller por onde ir). Tamén escribimos Cielga, Casa da Costa, casas, muíños e telleiras. Ó lado das letras fomos pegando o que correspondía. No caso dos Camiños, foron alfinetes de cores os que desempeñaron o papel dos postes sinaladores de paradas.

A estas alturas, os pintores estaban xa dándolle os últimos toques ó mar, que foi pintado sobre un cartón á parte, separado da maqueta para por unha banda poder traballar máis rápida e comodamente e pola outra para non mancharse mutuamente. Co do mar temos que aclarar unha cousa. Falabamos antes de que queríamos reproducir as cores do Parque que estabamos a ver, isto non é de todo correcto. Os días que nos tocaron traballar coa maqueta, o mar estaba moi alterado e moi gris, bonito, pero non tanto como estaría se fíxese sol. Falámolos e acordamos por unanimidade que o noso mar ía ser un mar de verán, cun azul intenso, máis que bonito precioso.

Xa faltaba menos, houbo que deixar secar a pasta de papel, o mar, as árbores, as casas... Cando xa estivo todo ben seco (con axuda de ventiladores e de tempo), só quedaba o proceso de pintado e colocación dos distintos elementos que formaban parte do Complexo Dunar. Xa non había traballo para todo o mundo, e só ían quedar os pintores ó redor da maqueta e os encargados do tallante e da rosa dos ventos. Ó primeiro tíñanlle que colocar en cada unha das súas cinco “patas” unha cor. Para ver a tonalidade exacta colocaran sobre a mesa unha foto do logotipo e, tras moitas mesturas e probas, lograron as cores buscadas. Fixeron o mesmo coa rosa dos ventos, vendo as súas cores no póster do Parque que nos regalara África.



**Coidamos ata o máis mínimo detalle.**



Os pintores da maqueta comezaron con moita calma e paciencia o seu traballo, con axuda de anacos de estropallo mollados na pintura ían dando suaves golpes sobre a pasta de celulosa, como se fora un rostro que estiveran maquillando para resaltar a súa beleza. Foi un traballo lento, e foron moitos os retoques que lle tiveron que ir dando ata lograren o que eles querían. Cando xa estaban satisfeitos co resultado, chegou outro momento de secado. A pintura tiña que estar ben seca para poder colocar por riba as texturas.

Cravamos os pelos do pincel rodeando a lagoa do Vilar, a herba nas zonas correspondentes, cravamos árbores con grandísimo coidado porque eran tan pequenos que case non tiñan espacio para suxeitalos e se faciamos moita forza para cravalos corriamos o risco de que se deformaran. Xuntamos a terra co mar. Pegamos na terra as casa, as telleiras, o castro, os muíños, a Casa da Costa e o Cielga, debuxamos o campo de fútbol do Olveira C.F.... Cravamos uns alfinetes de cores que marcaban as distintas paradas dos tres Camiños e no mar colocamos as pedras da Ferreira e algunha que outra máis e colocamos tamén un barquiño pesqueiro que ía de regreso a porto despois dun fructífero día de traballo.

Xa para rematar colocamos a maqueta na súa base, pegamos ó seu redor a lenda, o tallante e a rosa dos ventos. Con moito coidado, o espacio sobrante untámolo con cola e fomos botando serraduras que íamos premendo coas mans para que quedaran ben agarradas e despois como toque final fomos soprando para eliminar as sobrantes. O traballo estaba rematado. Estabamos orgullosísimas e orgullosísimos. Non era unha maqueta igual á do Cielga, era para Nós moito máis bonita, os alumnos e alumnas entenderon nese momento o que lles quixeramos transmitir ó principio do traballo: era Nosa, era como un fillo, para Nós realmente era a máis bonita do mundo. Estivemos mirándoa bastante tempo e case nos caía a baba. ¡Que bonitas son as cousas que facemos con coidado, amor e cariño!

Días despois a maqueta foi levada ó colexio, fixéronlle unha tapa de metacrilato, levámola outra vez ó Cielga para que a vira o señor Conselleiro e demais personalidades relacionadas co Proxecto Voz Natura que nos fixeron o honor de visitarnos. Na actualidade está nun lugar especial do noso Centro e xa foi vista e admirada por toda a comunidade escolar: profesorado, pais e alumnado.

## GALICIA VERDE

Como consecuencia dun devastador incendio, unha zona do monte Tahúme á altura de Espiñeirido, na parroquia de Olveira (Ribeira) quedou sen ningún tipo de vexetación. O noso labor ía consistir en repoboar esta zona con piñeiros ou mellor dito piñeiríños, en colaboración coa Comunidade de Montes de Olveira.

Fomos en bus ata a zona e a verdade é que se nos caeu a alma ós pés ó ver como estaba todo, alí faltaba a vida e nós íamos dispostos a devolverlla.



**En breve volverá á vida.**

Comezamos o labor: tiñamos os sucos xa feitos e fómomos repartindo en grupos por zonas distintas. Quen levaba o ferro para ir facendo o furadiño no que íamos plantar a nosa árbore ía diante, detrás ían dúas persoas que transportaban como se dunha bandexa de pasteis se tratara os nosos piñeiríños. Chegados ó punto no que estaba o furadiño, íámonos alternando nos seguintes pasos a desenvolver: quitar a árbore da bandexa con moito coidado, procurando non tocar o cepellón e polo tanto non danar as súas raíces, procedíamos entón a agrandar un pouquiño o furado que se fixera co ferro e colocabamos con coidado a árbore e xa como toque final xuntabamos terra que tapara o furadiño e pisabamos con coidado achandando o terreo para que quedara o máis homoxéneo posible.



### Unha árbore, unha vida.

A dificultade do traballo non era moita, era máis maña que forza e moito terreo para andar, pero fómolo levando ben, e aínda que nas fotos non se aprecia moito como quedou o monte todo plantado porque case non se ven os nosos piñeirños, no sitio quedaba moi bonito, e os sucos que fixeran cun tractor os veciños da Comunidade de Montes de Olveira (a quen lles agradecemos a súa colaboración e quen tamén nos transmitiron a Nós as gracias por termos colaborado con eles ) dábanlle ó monte unha imaxe moi curiosa, como se fora un campo de atletismo coas súas rúas preparadas para correr.

Prometemos volver ó sitio cando pasen uns meses, para ver como van medrando as nosas árbores. Xa plantáramos unha árbore, xa nos quedan só dúas cousas por facer para sentirmonos realizados segundo a opinión de moitos, todo se andará, quedánnos moitos anos por diante.

**Ímonos coa satisfacción do deber cumprido**





## TRABALLAMOS A ESTÉTICA DO PARQUE

Como traballo complementario ó que fixeramos para poñer en sintonía todo o contorno do Complexo Dunar, iamos coller o verniz e o pincel para dar uns retoques á madeira dos distintos postes sinalizadores de paradas nos tres Camiños, que o estaban pedindo a berros.

Este labor fixémoslo en distintos momentos, xa que a zona do Camiño do Vento aproveitamos para “maquillala” cando estivemos traballando alí sobre a duna móbil.



**Deixando máis bonita a entrada.**

Ó comezo dos tres camiños hai uns grandes postes que mostran cal é a silueta do percorrido e cantas paradas presentan e ademais uns postes numerados que serven como sinalización de parada, o lugar escollido para facermos un descanso no camiño, tomar folgos e prestarlles atención a algúns detalles concretos e importantes da zona. Así pois, o traballo era sinxeliño tratábase de lixar e vernizar. A dificultade só residía no moito que había que andar para chegar dun poste ó outro. Como os días nos que realizamos este traballo sempre bateu bastante o sol, o cansazo era máis por andar que por pintar. Lembremos que o Camiño do Mar son 6 quilómetros, o do Vento 5 e o da Auga 3.



Sempre comezamos no punto de inicio, o Cielga, o aparcamento dos Campos de Olveira e o aparcamento do Vilar respectivamente. O primeiro era lixar ben o poste, o máis grande de todos no que está sempre colocado un panel no que vemos cal é a forma do camiño e de cantas paradas consta. Cada un collía unha das caras do mesmo, uns pola zona de arriba e outros pola de abaixo. Tiña que quedar moi lisiño e sen restos do antigo verniz para que despois absorberan ben o novo que lles iamos dar. Acabada a primeira fase, viña a seguinte: a brocha. Tiñamos un verniz especial para madeira de exterior, que protexería os nosos postes do sol, do vento e da acción corrosiva da salitre que domina esta zona. Tiñamos que mollar ben as brochas e ir pasándoas sobre a madeira non moi rápido pero si con movementos longos para que quedara ben estendida. Fomos xenerosos coa pintura e como a madeira estaba tan ansiosa por beber e coa axuda do sol con moita rapidez os nosos postes estaban secos.

Para que o traballo quedara realmente perfecto faltounos ter uns adhesivos que substituíran os que caeran de moitas das madeiras, e que son os números que van marcando as paradas, para que saibamos onde nos atopamos en cada momento. Queda pendente para un futura actuación no parque.

# DIARIO DUNHA TRABALLADORA





Sempre estou coa idea na cabeza de escribir un diario, de ter unhas follas en branco nas que contar o que me vai pasando tódolos días, un día por outro e nunca teño un momento para poñerme en serio e comezar a escribilo. Hoxe decidín que vai ser o día, e de feito estas son as primeiras palabras que vai ter. Para que me conciencie de que vai en serio estou estreando un caderno e prométome a min mesma que non o vou usar para debuxar.

Antes de nada teño que deixar constancia por escrito de cál foi o motivo que fixo que por fin me decidira a escribir sobre a miña vida, mais que nada para cando dentro duns anos volva coller estas follas e llelas lea ós meus netos, ¡que parva son!, aínda non teño fillos e xa estou a pensar nos netos. Ben, a ver, téñome que centrar, ía contar por qué hoxe comezo en serio o diario e xa me estou indo polas ramas. Agora si.

Hoxe entrou na clase o profesor José Manuel todo contento, díxonos que tiveramos a sorte de ser un dos colexios elixidos por Voz Natura para levar a cabo o noso proxecto e concursar con non sei cuántos colexios máis, e que eramos os de 2º da ESO os que íamos facer o traballo, do que xa nos falara o ano pasado. Alegrámonos moito.

Comezamos todos a facer comentarios e o profe tivo que pedirnos que nos caláramos, que se o deixabamos falar explicábanos de qué ía a historia.

Comezou recordándonos qué era o Concurso Voz Natura, non lembro moi ben todo o que dixo porque este, cando colle carreiriña falando, non hai quen o pille. É como cando explica un tema, como el xa o sabe pensa que os demais tamén o sabemos, e non é así, ¡ah! xa estou outra vez con cousas que non veñen ó caso, ben algo si, pero como non me modere non acabo nunca e dentro dun anaco teño que ir a clases de francés, ¡puag, xa me saen as clases polas orellas, e o “être” ese aínda máis!, ¡jo, xa non sei que era o que estaba a contar!, teño que volver ler: Comezou polo que era o Concurso...

Ben, pois iso, que o concurso estaba organizado polos de Voz Natura, que o fan tódolos anos e que o noso cole xa participou nel algún outro ano e ata gañaron un premio non sei cando, a verdade ¿?

O proxecto que el presentara a finais do curso pasado era traballar no Parque Dunar, a ver se lembro cómo dixo que era o nome completo... Parque Natural do ... non sei qué Dunar de Corrubedo e Carregal e Vixán, penso que me falta algo, ¿como era?, ¡ah, claro! Carregal e Vixán son as lagoas, polo tanto, salvo esa palabra que non lembro cal é (mañá pregúntolla a Laura a ver se se lembra) o nome en cuestión, que por certo xa lle vale, sería: Parque Natural do ¿? Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Sigo.

Nós iriamos alá varios días (este foi o momento culminante cando nos dixo que ó Parque íamos ir en horas de clase e que incluso comeríamos alí ¡guai!, así si que mola traballar). Cada un dos días fariamos unha cousa distinta, dixo que despois xa nolo explicaría con máis calma, e que antes de irmos alá falaríamos sempre de qué nos ía tocar facer.

Iamos ter que cortar silvas con fouchiños (ó ver a cara de felicidade dalgúns xa estou eu vendo que ese día saímos no xornal por unha versión caseira da Matanza de Texas, pero máis rudimentaria, sen serra eléctrica e ambientada na “plage de sable du Vilar” como diría a profe de francés), cavar coa legoña para que pase a auga non sei ónde, poñer pedras nos muros, plantar árbores e non sei qué máis. Así e todo aínda me lembro de moitas das cousas que dixo, vese que lle presto máis atención que cando estamos coas ecuacións e coas cincuenta mil parénteses e corchetes eses que non sei eu para qué me van servir a min. ¡Ah, xa son as sete!, Chus vaise poñer coma unha moto, non lle gusta nada que cheguemos tarde.

.....

Non teño moito máis que contar, pero como é a novidade aquí estou outra vez co boli na man. Pregunteille a Laura o do nome do parque e ela non o sabía, pero Fátima, que sempre está en todo, dixo que a palabra que me faltaba era Complexo. Pois a verdade é que si tiña a súa complexidade. Total que agora si que me sei o nome completo: PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN, aí queda iso.

O profe non nos adiantou nada máis do tema, que xa nos reunirá un día esta semana cos do outro grupo e que xa falaremos, que agora a darlle caña ás fraccións que estamos moi mal en matemáticas, ¡cando me librarei das matracas estas, por non falar da lingua, sociais, inglés, francés...! mellor paro, que xa me está dando dor de cabeza e aínda teño os deberes por facer.

.....

Mañá é a reunión antes do recreo. Estamos todos desexando que chegue o día de ir ó Parque, se cadra e está bo día ó mellor podemos ir á praia, aínda que non me creo nada.

.....

Cántas cousas para contar, vou aproveitar antes de que comece Operación Triunfo, a ver se a miña nai se porta e podo velo ata o final, e se me deixara ver as preguntas que lle fan cando acaban, sería xenial, pero non creo que estea polo labor.

Imos por partes. A ver se son capaz de seguir unha orde, vou practicar o que di sempre a “loquera” como lle chaman na miña clase á do Departamento de Orientación.

1.- A semana que vén comezamos co traballo. Sairemos en bus despois de acabar a primeira clase (puag). A nós tócanos o xoves e ós outros o venres, que de irmos todos xuntos por agora nada, que xa veremos despois.

2.- Imos botar alá ata iso das cinco e media pasadas, así que temos que levar o bocata e demais. Que comeremos alí onde está o chiringo do Vilar, o dos pais de Sheila a de cuarto A. Que o de ir á praia aínda estaba por ver.

3.- O primeiro que iamos facer alí é o da matanza de Texas, boh, quero dicir o de limpar uns camiños. Disque antes pasaba a xente por alí pero agora que nada, e que como están cheos de silvas, pois claro, que non hai quen pase. Despois que faremos outras cousas pero que nolas explicará días antes. Estamos desexando que chegue o día, xa só faltan seis días. Vou comezar a conta atrás.

.....

Cinco.

.....

Catro.

.....

Tres.

.....

Dous.

.....

Un. Mañá é o día. Se temos guantes na casa temos que levalos e se temos fouceiros tamén, eu diso non teño nada, pero o Juanma xa dixo que el ía levar o de seu pai. Que tamén podemos ir con botas e demais, para que non nos piquen as silvas. Non creo que sexa para tanto, e eu as únicas botas que teño son as que me comprou a miña nai o mes pasado e non teño pensado levalas alá, que se se me rascan despois non serven para nada.

.....

Cero. Hoxe foi o gran día. Estou cansadiña. Vou ir por partes porque xa me coñezo e son capaz de comezar polo final.

Cando acabamos a primeira clase, collemos as mochilas e baixamos ata a entrada para agardar alí o bus. Tivemos que coller as ferramentas mercadas cos cartos de Voz Nature e que estaban no laboratorio de tecnoloxía. Cando chegou o bus metémolas no maleteiro.



Subimos e dirixímonos cara o Vilar. Chegamos alá, e estaba a agardar por nós a profe Ana, que dá galego ou algo así. Non sei por qué estaba alí porque non nos dá clase, e inda por riba polo que din é bastante seria.

Nós nunca a vimos rir e o ano pasado cando lle tocaba a ela vixiarnos se non viña un profe, non nos deixaba nin remexer. Falabamos un pouco e xa estaba “¡a ver se nos calamos!”, como tocara a última hora tiñámola clara, sempre eramos os últimos en saír “mentres non caledes non saídes”, e como sempre había algún que non facía caso, pois ¡jala!, a apandar. Ó final sempre lograba un silencio absoluto e pasados un ou dous minutos de velorio podíamos saír. Esperemos que aquí non sexa tan repugnante, senón, ¡vaia gracia!

Sigo. Baixamos diante da Casa da Costa, que é unha casa na que hai por un lado unha pequena sala con asentos e na que vimos un vídeo (xa estou adiantando acontecementos), no outro lado non sei moi ben o que hai. Entramos e sentamos na sala con asentos. Alí puxéronnos un vídeo do Parque mentres esperabamos a que viñera a directora do Parque (como repito tanto a palabra, de aquí en diante vou abreviar, e vou poñer só P., eu xa me decato do que é e acabo antes). No vídeo vimos como se orixinaran as dunas, era moi chulo velo, como se fora a cámara rápida para vermos en poucos minutos o que cambiara todo en non sei cantos miles de anos. Vimos tamén a pedra grande que hai no Río do Mar, onde vou coa miña tía Pilar no verán, e que se chama a Ferreira. Aparecía tamén a pílara papuda, a que está sempre Anselmo, o médico de *Mareas Vivas* observando cos prismáticos. Unha serpe chamada nátrix ou algo así, unha ra, varias flores e non sei cantas cousas máis. Foi moi curto, pero estivo ben. Cando acabou xa estaba alí a directora do P., que dixo que se chamaba África. Falounos e díxonos que ía ser moi importante o noso traballo, que había moi poucos parques en Galicia e que nós tiñamos que estar moi contentos por vivir ó lado dun dos máis bonitos. Que o mellor era que o coidáramos, porque era un ben para todos. Pediunos que entre todos elixiramos un animal, planta... para que fora a nosa mascota, que despois tiñamos que debuxala e que lle gustaría velos debuxos. Nós escollemos á raíña do P., a garza real. Por máis que eu quixen que fose a pílara, non houbo maneira. O grupo de mañá terá que escoller outra mascota.

Cando xa acabou de falar, pediu un voluntario e foi Fran, mellor dito, colleuno voluntario forzoso. Pediulle que elixira cor azul ou cor vermella. El elixiu azul. Entón ela quitou unhas gorras co debuxo da estrela do mar do P. e coa axuda de Fran repartiunos cadansúa gorriña. É moi chula, aparece a estrela e despois o nome longuíssimo do P. Para os de mañá quedan as vermellas.

Tamén lle pediu a Fran que repartira unha especie de libriño pequeno, era o itinerario do Camiño da Auga, un dos tres que hai no P. Alí non me deu tempo a miralo, estiven botándolle unha visual hai un anaco e está ben.

Trae o plano do P., as paradas que podemos facer se nos decidimos a percorrer o camiño e que cousas podemos ver en cada unha delas. Ten fotos de paxaros, herbas e ata sae unha dorna e o Faro de Corrubedo. Non sei qué pon dunhas telleiras, xa o mirarei mañá con máis calma.

Despois de oír a África, colocámonos as gorras e saímos da Casa da Costa. Collemos cadansúa ferramenta, iamos comezar o traballo no Camiño da Auga. O “Peli” viña todo preparado para traballar, quitou dunha bolsa unhas botas e alá as calzou, despois puxo un chaquetón que lle viña grande e a camisa saíalle un pouco por fóra. Cando colocou a gorra encima da cabeza todos comezamos a rir, porque a Suso ocorréuselle dicir que só lle faltaba a raspeta para parecer Currás o de Porto Zas. Menos mal que el non oíu o comentario, senón xa tiñamos a bulla montada.

Collemos rumbo ó noso destino. Fomos ata alí por unha das pasarelas de madeira, e despois collemos un desvío de terra. Pasamos por diante do chiringo e chegamos ó sitio. Alí había un camiño, que estaba cheo de silvas polos lados. Un primeiro grupo xa quedou alí. O profesor repartiu os fouciños e os angazos e a profesora deulles luvas a quen non as tiña. Xa podían comezar a traballar. Eu ía xa un pouco máis cara adiante e non lle prestei moita atención ás instrucións, xa as oiría cando lle tocara ó meu grupo.

Seguimos, e cal foi a nosa sorpresa, cando vimos un sitio que disque era un camiño con silvas dun lado a outro ¡por alí non había por onde pasar! Alí quedou o meu grupo, a min tocoume un angazo, aínda que despois tiñamos que cambiar de ferramentas. A verdade é que eu non sabía moi ben qué tiña que facer con el. O profesor volveu repetir a explicación, desta vez si que atendín. Os fouciños debían ir cortando as silvas dende abaixo (a verdade é que o “Peli” ó final resultou ser o único que viña preparado para meterse naquela selva). Os angazos tiñan que ir separando o que se cortaba. Tamén axudaban ós fouciños, para iso tiñan que enganchar as herbas, turrar por elas e así eran máis fáciles de cortar. Xa... o malo era despois desenganchar as silvas do angazo para botalas ó camiño. Eu primeiro botáballe a man que tiña protexida polos guantes, pero aínda así sempre me acababa pinchando. Ó final optei por pisalas e así logrei un sistema mellor para desfacerme delas.

A medida que iam cortando, tiñamos que botar as silvas nunha carreta que despois era levada a unha zona na que se xuntaban tres camiños e alí envorcábana. Na zona que ía quedando limpa se viamos algunha pedra caída, tiñamos que volvela colocar no muro. A min non me tocou colocar ningunha, e cando vin que Belén berraba porque unha que acababa de coller estaba chea de formigas tiven claro que o mellor era movelas co angazo e que as colleran os que non tiñan ferramentas.

O traballo a media mañá xa ía dando os seus froitos, pero aínda quedaba moito. O monte de mato era cada vez máis monte. Había bastante calor, e quen máis quen menos foi quitando roupa porque todo estorbaba. Os outros grupos facían o mesmo que o meu pero noutras zonas. Eu xa quería cambiar de instrumento e pedín que me deixaran un fouciño, conseguino fácil porque todo o mundo quería cambiar. Cando collín a “arma” en cuestión descubrín que non era tan doado de manexar como parecía, cravábase seguido na terra. Xa estaba desexando coller o angazo outra vez. Pouco a pouco funlle collendo o truco e cada vez custábame menos, de tódalas maneiras non era fácil. O que traballaba mogollón era Jairo, e iso que di que lle doe non sei que. El todo o tempo á súa bola, é un rapaz que se relaciona moi pouco, todos de cando en vez parabamos un pouco para descansar (como di a a profe o noso momento Kit-Kat), pero el nada, dálle que te pego todo o tempo.

Por fin chegara a hora do xantar. Xuntámonos todos diante dun panel grande que hai cerca do chiringo e o profe díxonos que nos podíamos distribuír polas mesas que había por alí, que non se nos ocorrera tirar nada ó chan (aclaración que sobra) e que despois de que viñeran eles por onda nós pasar revista, xa veríamos se podíamos ir á praia ou non.

Marchamos correndo para coller posesión da mellor mesa, pronto acabamos de comer e despois fomos para os bambáns que hai alí. Empezamos a falar de que xa nos podían deixar ir ata a praia, que podíamos ir preguntarlles se nos deixaban, pero o caso era a ver quen ía. Ó final foi Iker, o profe veu mirar como quedara todo e despois dixo que ata as tres e vinte que podíamos baixar á praia, pero que nada de meter os pés na auga. Alá fomos. Repartímonos por grupos. Nós estivemos en fronte da caseta que teñen os vixiantes da praia para o verán, que por certo tiña a porta rota e dentro estaba feito unha porcallada, todo cheo de cousas e con restos de cera polo chan. A verdade é que non sei que foi o qué pasara alí.

Tombámonos na area e estivemos falando dun montón de cousas, cando nos demos conta vimos ós profes que estaban sentados tamén na area e que se erguían para ir ata o punto no que quedáramos de encontrarnos. Xa era hora de volver á faena.



Con non moita présa chegamos ata onde xa estaban case todos, volvemos coller os apeiros e comezamos de novo o traballo. Xa non estabamos con tantas enerxías como pola mañá. Dábanos ánimos o feito de que xa había unha zona xeitosa limpa, e que o monte de mato era cada vez máis monte. A profe díxonos que tiñamos que pisalo, que senón ía acabar ocupando todo o cruce de camiños. Alá fun eu toda rápida. Subimos tres e empezamos a saltar como se fora unha cama elástica.

Despois a profe foi turrando por un lado, levantábao e nós tiñamos que pisalo. Era moi divertido, despois de repetir varias veces a operación a verdade é que pasou a ocupar menos.

Pouco a pouco foi pasando o tempo. Regresamos con toda a ferramenta á Casa da Costa, gardámola nos baixos do Cielga, recollemos as mochilas e subimos de novo ó bus. Acabara a nosa primeira xornada no P. Ó chegar ó cole dixémoslles ós do outro grupo que se prepararan, que había moito traballo, pero que era moi fácil.

Ata a seguinte semana non nos volve tocar saír do cole a respirar aire puro. O profe díxonos que o próximo día íamos arranxar outro camiño, pero que este case non tiña silvas.

.....

Os do outro grupo hoxe chegaron mallados, seica a media mañá pediron papas, había tanta calor que tiveron que ir buscar auga para refrescárense un pouco. Menos mal que tiñan as súas gorriñas vermellas para protexerlle o coco, senón seguro que se lle evaporan as ideas, ¡como me escoite máis de un que eu sei vaise enfadar mogollón!

Pregunteilles pola mascota e dixéronme que elixiran un esquío.

.....

Vaia semana máis axetreada, non puideron escribir nada, a verdade é que tampouco tiña moito que contar. Hai un pouco que cheguei do cole, hoxe non estou tan cansada como o outro día. O camiño que tivemos que amañar é o que se chama da Auga, vai do Cielga ata a lagoa do Carregal. Estaba un pouco estragado pola chuvia, que arrastrara moita terra e pedras para os lados. Esta vez a min tocoume andar coa legoña, aínda que xa dixen que despois quería ser conductora da carreta. Tiñamos que ir limpando as beiras do camiño, sacarlle a terra e todo iso. Tamén había pedras que tivemos que separar e botar lonxe. Nunha zona había silvas e antes de que chegáramos nós coas legoñas tiñan que cortalas. Hoxe o traballo máis chulo si que era o dos angazos. Había terra no medio do camiño e había que levala en carretas ata outras zonas e despois estirar.

O parvo de Jorge colleu a carreta e como era o traballo máis fácil, pois ¡jala! que non a soltaba, vaia morro que lle botou, menos mal que se despistou un momento e despois collínlle eu. Cando se deu conta comezou a berrar pero a min érame igual.

Chegou a hora de xantar e xa tiñamos moito feito. Fixemos igual que na vez anterior e despois de comer deixáronnos volver á praia. Pasámolo moi ben, o malo é que os momentos de descanso son os que máis rápido pasan. Pola tarde acabamos todo o traballo, non sei qué farán os de mañá.

Se fora tódolos días así estaba guai, a cousa foi moi relaxada. Agora non sei se volveremos a semana próxima ou a outra, disque xa veremos depende de non sei cuántas cousas.

.....

Pasaron case dúas semanas. Hoxe veño mal, pero non estou cansada polo traballo, senón que me doe moito a gorxa porque nos pasamos todo o día cantando. Todo empezou porque Beni se puxo a falar de que seguro que botaban a Álex e xa empezou Luci a dicir que mellor que botaran a Juan. Total, unhas que Juan, outras que Álex. Que se Bisbal era moi riquiño, máis que riquiño ¡está como un tren!, e cada vez máis guapo, ¡que ben lle quedan as camisetas apertadas!, ¡e como se move! María José di que é máis guapo Bustamante, a min non mo parece, e ademais é máis eslamiado. A que si canta moi ben é a Fergó, aínda que Rosa tampouco o fai mal, pero sempre se equivoca, e cando fala eu non lle entendo nada. A Sandra gústalle Chenoa, pero a min paréceme un pouco “chulita”. Beni, cando non a vían os profes, andaba co móbil ás voltas mandando mensaxes para salvar a Álex. Despois empezoulle a sonar o móbil a Ángela, era Jorge, que estaba con Andrés e José e estaban seguido a estorbar, para a ver se calabamos. Pois diso nada, cada vez cantabamos máis alto:

“Si no te conociera /si no estuviera aquí  
no habría encontrado /la alegría de vivir  
enciendes melodías /que brotan en tu voz  
que calman y apaciguan /mi lucha interior.  
Y aunque somos diferentes /non une una obsesión  
cantar es nuestra vida /y mi música es tu voz.  
A TU LADO ME SIENTO SEGURO  
A TU LADO NO DUDO  
A TU LADO YO PUEDO VOLAR  
A TU LADOOOOOOO....

Pablo e José María empezaron a rirse de nós e non puidemos seguir todas xuntas co estribillo, por certa parte mellor porque berrabamos tanto que nos debían escoitar os paxaros de Vixán. Porque aínda non puxen que estabamos cerca da lagoa de Vixán, poñendo pedras nos muros. Moito nos rimos con Melissa e Loli, estaban collendo unha pedra todas cheas e póñense a berrar coma tolas, tiña formigas e andábanlle a correr polas mans, disque para andar coas pedras non lles facían falta guantes, pois ¡ala!, a amolarse. Ó final estivéronlle soprando e debéronse de ir porque ergueron a pedra.

O profe dixo que había que coller tamén as que estaban un pouco máis lonxe, Cristian, Denis e o “Peli” empezaron a levantar unha pero non eran capaces, despois foi Viriato botarlles unha man pero ó querer subir pola costa esvaraban. Soltárona no chan e despois empuxárona. Ó final si que o lograron. Uxía, Andrea e Mari Carmen quixeron facer o mesmo. ¡Que risa!, cando estaban a punto de erguela a unha delas dáballe a risa e nada, todas ja, ja, ja. Tivo que Sandra botarlles unha man e entre as catro, con moitas paradas porque non deixaban de rir, subírona. Para poñela no muro tivemos que ir máis botarlles unha man, pero non quixemos que meteran a gamba os rapaces, que se andaban a rir de nós porque disque non iamos poder, ¡pois si que puidemos!, e quedou mellor colocada que a súa, que cando se separaron dela volveu caer. ¡Que ben lles estivo! Fartámonos de rir, e para que se enfastiaran volvemos co recital:

“Los malos tiempos pasaron  
al fin tus desaires se fueron  
el juego de mi locura  
que inventaste solamente para mi

...

Primavera clara  
zapatitos nuevos de tacón  
¡ai! Coloradito el corazón

...

¡Que ben canta a Fergó! Á hora do xantar seguimos cantando, xa estaban tódolos rapaces dicindo que ía chover. Como ía moito frío non nos apetecía ir á praia tanto como os outros días, pero fomos igual dar un paseo pola pasarela. Pola tarde acabamos de choer os muros como di a de galego.



Sergio e Marcelo tiveron que volver levantar o anaco no que estaban, non as pensan, poñen arriba de todo unha pedra grande e claro, caelles todo outra vez, menos mal que as pedras caeron no lado no que eles non estaban.

Non nos rimos deles moi alto porque estaban enfadados e botábanse a culpa o un ó outro, que ti non a pousaches ben, que aquí non era o seu sitio... menos mal que lles pasou pronto o enfado.

Chegaron as cinco e media sen dármonos conta, tivemos que recoller todo e volver para arriba para coller o bus. Cando xa marchabamos, o profe fixo que pararamos e miráramos para os muros que acababamos de erguer, ¡que pasada!, cando o estabamos facendo non nos demos conta de que era tan alto, a verdade é que si que quedaban ben.

O próximo día, que tampouco sabemos ben cando será, tócanos ir ás dunas, ¡que guai!, a ver se nos deixan un pouco de tempo para tirármonos a rolos.

.....

Por fin chegou o día das dunas. Tamén nos tocou un día con moita calor. Veño desfeita e traio area ata nas orelhas, e iso que non nos tiramos a rolos, ben, case non nos tiramos a rolos, só dúas veces cando estabamos no descanso despois do xantar. De tódalas maneiras a area xa a tiña, porque José Luis e Alberto estiveran tirándonola coas pas cando nós estabamos cos angazos, disque era sen querer, despois botámosllela nós a eles, ó final aquilo parecía unha batalla como as que se fan coa neve (as que se ven nas películas, porque eu a neve case case só a vin en fotos). Necesito unha ducha.

¡Que ben senta unha ducha cando estás cansa!, ata parece que xa o cansazo é menos.

Hoxe non tiven moita sorte, non souben escoller o traballo. Pediron voluntarios para ir pintar e eu non quixen ir, foron Pablo, José María, Loli e Sandra. Cando chegaron de volta de darlle á brocha dicían que viñan esgotados, que andaran mogollón. Nós mirámoslos con ganas de botarlles a man ó pescozo. ¡Vaia traballo andar! Xa lles dixemos, preparádevos para a tarde que veredes vós o que é traballar. Contámoslles que toda a mañá estiveramos separados en grupos, quitando area de enriba da pasarela. Eu estiven coa pa e malo, a legoña peor, o angazo outro tanto do mesmo, ó final ata acabei sentada nas táboa sacando area coa man. Os que si tiveran potra foran Denis, o “Peli”, Juanra, Laura e Andrea, que estiveron amarrando táboas, e como xa eran “especialistas” o señor do parque díxolles que pola tarde tiñan que seguir eles, e aínda por riba queixábanse de que era moito o traballo.



Cando empezamos a sacar a area pensei que non íamos nunca atopar a madeira, pero ó final apareceu. Quen máis quen menos botaba o figado, animabámonos os uns ós outros dicindo que xa quedaba menos. E a profe por alí todo o tempo, ¡veña, que non é para tanto! Se tiramos a area máis lonxe mellor, senón é o dobre de traballo.

E poñíase ela e tirábaa. Estabamos todos desexando que viñera onda nós aprendernos como se facía, mentres cavaba ela non o faciamos nós. Uxía púxoselle a dicir que parecíamos presos dos que saen nas películas americanas. Eses que poñen a cavar gabias toda a vida, que non sei eu moi ben para qué queren na América tantas gabias. A profe riu e díxolle que era unha esaxerada e ela polo baixo seguía dicindo que só nos faltaban as cadeas. Despois vai e sáltalle que ela non era de aldea e que non sabía andar coa legoña, a profe mirouna e díxolle que ninguén nacía aprendido, que tiñamos que ir pouco a pouco colléndolle o truco á legoña, e que ese comentario da aldea sobraba. Cousas de Uxía.

Cando marchamos quedara media pasarela descuberta, tampouco podíamos facelo todo nós, senón ¿que lle ía quedar para os do outro grupo?

Non podo máis, xa pasaron os efectos da ducha, voulle dicir á miña nai que me faga a cea que eu vou para a cama.

Agora non volvemos ó Parque ata pasarmos os exames todos, xa está aí a avaliación e hai que estudar, menos mal que despois veñen as vacacións do Nadal, o turrón, Papá Noel, os Reis Magos e ... ¡ó cole outra vez!

.....

Acabo de volver ler todo o que escribín ata agora, así e todo aínda lle fun dando ó boli. Xa estamos no 2002, xa pasaron as desexadas vacacións, a tormenta das notas, que nunca me explicarei eu por qué se dan xusto antes das vacación, penso que o fan adrede. E as próximas informativas antes do Entroido e as notas antes da Semana Santa, a min que non me digan que non o fan para enfastiar.

Hoxe no P. continuamos choendo muros e cortando silvas. Fomos con Pepe e Ramón, os que traballan aquí, ver uns somieres de colchón que están postos para pechar as leiras. ¡Que pasada, mira que queda mal iso alí!, a xente a verdade é que non ten gustiño ningún. Polo visto van encargar as madeiras e o próximo día que vaiamos imos quitalos e facer nós uns novos portais. Non sei cómo serán, pero seguro que máis bonitos que os que teñen agora si.

.....



Hoxe foi o día da carpintería, quitamos os somieres e fixemos algún dos nosos portais, non todos porque dan moito traballo, hai que cavar ós dous lado da porta para cravalos. No primeiro todo foi ben, pero no segundo tivemos que deixalo por imposible e pasar a outro, había pedra e non podíamos cavar. Dixeron Pepe e Juanito que xa mirarían eles cal era o mellor sitio e que quedaba pendente para o próximo día. A verdade é que o portal só eran catro táboas pero quedaba ben.

Despois de que colocamos un intentei abrillo e a verdade é que costa un pouco, como se che dobre algo a táboa xa non vai pero non é difícil. Os somieres ía vir despois recollelos o tractor, pero o profesor dixo que o primeiro que quitamos quedaba alí a un lado para que todo o mundo o puidera ver e establecer comparacións.

Cando acabou o día quedamos moi contentos e contentas, todo quedaba moito máis bonito, para o outro grupo quedábanlle outros portais e polo que falaban os profes cos do P. se cadra aínda non os darían postos todos.

O próximo día non sabíamos aínda ben cal ía ser o traballo a realizar.

.....

Hoxe pasou o profe pola nosa aula e díxonos que chegara o momento de facermos a maqueta, que a ver cómo iamos facer, que non podíamos traballar todos nela. Carla e Loli xa dixeron que elas eran moi chafalleiras, que preferían cortar silvas. Houbo máis xente que dixo o mesmo, entón o profe preguntounos qué nos parecía se el lle consultaba ós profesores de tecnoloxía (María Jesús e Patiño) quen pensaban eles que eran os máis adecuados para facelo. Dixemos que estabamos de acordo e quedou de dicirmos mañá os que a ían facer.

Eu non o dixen en alto pero espero que me escollan, non debuxo mal e o profesor Patiño sempre me di que son bastante curiosa cos traballos, e a miña garza-mascota non me quedou mal. A ver qué pasa.

.....

¡Si!, son unha das vinte escollidas, ¡guai!. Díxenllo á miña nai e quedou toda contenta, como di ela, menos mal que algo se che dá ben. A verdade é que se queixa de vicio. Estudiar non me gusta moito, pero tampouco suspendo tantas e ó final paso de curso con todo limpo, pero ela sempre quere máis.

.....

O da maqueta teño que contalo todo seguido porque a semana pasada non tiveron tempo, e hai moito que contar. Eses días fomos ó P. todos, e cando chegamos o primeiro dos días estaba África agardando por nós.





Regalounos un cartel moi bonito do P. Vese a zona toda que ocupa, e polos lados están debuxados animalíños. Téñoo aquí, a ver, está unha lagarta galega, dúas plantas cun nome moi longo, dous parrulos moi guapos, a miña pillara papuda, o pernileiro e e o mazarico curlí que nunca vira diante, un picaxuncos, outras dúas plantas con nome raro e a ra de San Antón, que non sei se será a mesma que vimos no vídeo o primeiro día. Tamén ten unha rosa dos ventos e o logotipo do P. Arriba de todo vese a duna grande, a lagoa do Carregal e a de Vixán.

A verdade é que é moi bonito, xa lle dixen á miña nai que mo tiña que enmarcar, que o quería colgar no meu cuarto.

Tamén estaba un señor da Voz, despois díxome o profe que se chama José Antonio Díaz. Falounos e díxonos que o noso traballo era moi bonito e que tiñamos que estar orgullosos. Que seguירamos traballando, que xa nos volveriamos ver.

O profe dixo que facían falta máis persoas para a maqueta, pediulle a Ángel que dixera un número, el dixo o tres e despois ía contando: un, dous, tres, maqueta. Tocoulle a Andrés e a pouco máis dáanos algo, ese rapaz é chafalleirísimo, e nunca está quieto no sitio. Tamén lle tocou a Naiara e a Carla, puxeron mala cara e a profe foi falar co profe. Preguntáronlles qué lles pasaba e elas dixeron que mellor que non ían, que non se lle daban ben as manualidades. Entón o profe fixo unha cousa mellor, preguntou quen quería ir á maqueta e cinco compañeiros levantaron a man, o resto marchaban a Espiñeirido plantar piñeiros.

Co noso cartel na man fomos ó Cielga. Alí estaban dúas rapazas que nos ían botar unha man coa maqueta. Primeiro explicáronnos o que era unha maqueta, que nós xa sabiamos. Despois foron dicindo os pasos todos que tiñamos que facer e colleron unha pizarra na que foron poñendo os grupos, a cada un de nós tocábanos unha altura. Ó meu grupo tocoulle a dos 100 metros. Thor e José Antonio pegaron a fotocopia do plano nunha ventá e Jon e Uxía pegárona na outra. Tiñamos que ir calcar con rotus de cores as nosas alturas. A min ó principio mareábanme tantas raias, pero cando Nati me sinalou como era deime conta de que se vía ben. Marcelo e Viriato botáronme unha man a agarrar do papel. Despois fun para a mesa e alí comecei a cortar. A Beni sempre estaba rosmando que disque non lle cortaban as tesoiras, despois cando pegamos o que recortamos na cortiza dicía que o que non lle cortaba era a coitela. Non, se con tal de protestar a muller non sabe qué vai facer.

Case me dá algo cando me caeu unha pinga de cola sobre unha das pezas xa cortadas, veu a profe, limpámola rápido e non pasou nada, pero tiven que oírlle o sermón de que había que andar con coidado.

Cando xa tiñamos tódalas pezas cortadas, fómolas ordenando por alturas e despois íamolas pegando, quedaba moi ben. Mentres nós estiveramos con isto, Salva, Sandra e Andrea foran dar un paseo por fóra para ver as cores e coller pedriñas, e xa estaban pintando o mar. Cando preguntaron cómo queríamos o mar, dixemos que azul, como no verán cando no imos bañar.

Xa a cortiza estaba toda pegada, apertamos, e ó comprobar que xa estaba seca, colocámoslle o mar e a profe sacoulle unha foto. A todo isto xa estivera sacando antes fotos a traizón, sen avisar. Por certo, falando de fotos, o outro día o profe tróuxonos as que xa revelara, pasámonos toda a hora mirándoas, que risas, vaia caretos.

O que si saíu ben foi a de grupo que nos fixo o da Voz o primeiro día. É moi bonita. Fíxonos moita ilusión vérmonos despois no xornal, ese día non había outro comentario na aula. Algún como Jorge parecía que se puxera a propósito coa carretilla só para a foto. Tamén estaba o “Peli” co disfrace de Currás, e había unhas moi chulas do día dos muros. Aí si que saímos moi guapas, parece que moito non traballamos pero si que traballamos. Nas das dunas si que se vía o traballo. Había unha na que se apreciaba a altura ata a que nos chegaba a area, ¡que pasada! Cando vimos estas últimas a min viñéronme á cabeza tódalas dores que tiven esa noite, e á mañá seguinte para erguerme da cama, a miña nai a pouco máis bótame un balde de auga por riba. Tamén saíran unhas da plantación de piñeiros e dos que quedamos facendo a maqueta, pero só no momento de estar a prestar atención a que era o que tiñamos que facer. Estou gardando tódalas fotos para pegalas despois ó final do diario. ¡Ala!, xa me fun do tema.

Uxía, Fátima, José María e Iker estiveron facendo texturas, a herba e todo iso que despois lle tiñamos que pegar á maqueta. José Antonio, Thor e Marcelo fixeron a estrela do parque tal e como fixeramos a maqueta grande, e despois a rosa dos ventos, como a do cartel que nos regalara África.

Para cubrir a maqueta empregamos unha pasta de celulosa. ¡Que gracia!, Nati preguntou de onde se sacaba a celulosa e Eduardo todo cheo dixo que do papel hixiénico. Botámonos a rir. Non se poden ver tantos anuncios e hai que estudar máis ciencias, que iso xa o vimos o ano pasado.

Cubrir todo con celulosa parecíase a traballar con barro. Había que mollar as mans e despois quedaba todo moi suaveño.

Cando tiñamos todo cuberto tivemos que agardar a que secara. Colocamos un ventilador ó lado e durante un anaco fomos dándolle calor cun secador. Era a hora de xantar, xa chegaran os do monte e tocaba descansar.

Mentres comiamos, Naiara e Carla contáronme que no monte de Espiñeirido o que fixeran foi plantar piñeiros moi pequenos, que tiveran que andar moito pero que era moi fácil. Facían un furado cun ferro, metían a árbore, achegaban terra e pisaban. Tiveron que agacharse moitas veces, pero estaban contentas.

Dicían que era unha pasada cómo quedara todo aquilo despois do incendio, eu non entendo moi ben por qué hai xente á que lle gusta prender lume no monte, ¿non saben que alí viven animais e que as árbores son necesarias para todos? Tamén se deberon perder ese día a clase de ciencias, como Eduardo co da celulosa.

Pola tarde xa quedamos menos coa maqueta, había un grupo que estaba facendo as casas, os muíños e as telleiras. Eu fun ver como quedaban e eran pequenísimas. Despois tiveron que ir machucar tella que lle pegaron con cola. Beni dedicouse a facer a lenda, na que tivo que escribir tódalas cousas que ían aparecer na maqueta e despois foinas pegando. Outro grupo fixo as árbores, non vin moi ben como as fixeron, pero eran moi delicadas, non deixaban que ninguén as collera porque se podían estragar.

A min tocoume estar cos que pintaban. Despois de termos feitas todas as cores empezamos a pintar, pero non con pinceis (o pincel empregáramolo para facer os xuncos da lagoa de Vixán), senón con estropallos dos de fregar a louza. Partímolos en anacos e íámolos mollando na pintura e despois dabamos golpes suaves sobre a maqueta. Ben, para pintar a auga das lagoas e os ríos que van dar á do Carregal si usamos un pincel finiño. Tivemos que ir con moito coidado de non manchar nada. O mar xa estaba pintado e estaba noutro lado para que non se estragara. Poñeríámolo no seu sitio no último momento.

Foi outro día cando acabamos de dar os retoques ó traballo, porque tivemos que deixar que secara moi ben todo. Quedara bastante chula, pero aínda lle faltaban cousas: nunhas zonas con moito coidado pegamos a nosa herba. Cravamos os alfinetes de cores que marcaban o itinerario dos tres camiños. Colocamos no seu sitio as casa, os muíños, as telleiras e o castro. Debuxamos o campo de fútbol de Olveira. Puxemos cun enorme tino as árbores no seu sitio. Colocamos o mar, no que pegamos as pedras da Ferreira e mais un barquiño precioso que fixera Salva, ¡que bonito lle quedara!, parecía de verdade, e ata pintou por tras del o seu ronsel de espuma.



Só quedaban os toques finais: colocar a estrela, a rosa dos ventos e a lenda. En todo o espacio que quedaba libre, para que non se vira a madeira untamos cola e botamos por riba serraduras.

Xa estaba, acabáramos o labor. ¡Que chula!, non era como a do Cielga pero tamén era bonita, máis bonita. Tiña razón a profe, a nosa era moito máis bonita, e ademais nós nunca fixeramos outra antes.

Os demais, cando xa íamos marchar e despois de recoller as ferramentas que usaran para seguir limpando camiños, subiron a ver a nosa obra de arte. Quedaron abraiados, a última vez que a viran era só cortiza pegada, e a diferenza era increíble.

Agora só quedaba que a cubriran non sei con qué e despois poñeríana no cole para que a vira todo o mundo. Eu xa lle dixen á miña nai que tiña que ir vela, e a verdade é que xa ten ganas, porque xa está aburrida de oírme falar dela. Teño que recoñecer que foi un traballo que me gustou moito facer, polo de agora o que máis.

.....

Volvemos pasar unha tempada ser ir ó P., hai exames e xa levamos “perdidas” moitas clases. Polo que nos dixo o profe, agora xa queda pouco, en marzo temos que acabar todo, non nos dan máis tempo.

.....

Hoxe tocou P. outra vez. O tempo non estaba moi bo, case non imos, pero ó final como a mañá non estaba moi mala o profe decidiu que se mantiña o programa. Estivemos dando retoques, cortando toxos e silvas, limpando o lixo que aparecía polos camiños, porque hai quen pensa que todo o chan é unha papeleira. Colocamos máis pedras, e cando xa íamos parar para xantar púxose a chover. Fomos correndo para o chiringo e os pais de Sheila deixáronnos xantar alí. Xa pensabamos que pola tarde teríamos que ir ó cole, pero o profe dixo que non, que xa falara co biólogo do P., e que nos ía dar unha especie de clase sobre o Complexo Dunar (agora xa me lembro da palabriña).

A iso das catro comezou o biólogo. Foinos poñendo unhas diapositivas e explicando o que víamos: a turba (que eu pensaba que era piche), o río do mar (que el chamou a bocana), as dunas, as formas que collía a area dependendo de como baixara a marea, as herbas que hai detrás da duna (ben, el non lle chamou herba, dixo que alí había plantas que eran únicas en Europa). Foinos explicando moitas cousas e despois baixounos ó Cielga e fomos vendo con el o que alí había. Eu xa o vira un dos días da maqueta, pero non lle prestara moita atención. Estivo ben, ¡vaia pasada! Galicia é a zona de España con máis quilómetros de costa.

.....

Xa se acabou todo, estivemos dando os últimos retoques ós traballos. Despois de xantar xa non traballamos, ía moita calor e os profes leváronnos por parte do Camiño do Mar. Alí estaba unha muller toda vestida de branco, como se fora cun traxe de noiva, e estábana gravando cunha cámara. Non nos atrevemos a ir preguntar e non sabemos se sería unha peli ou para un anuncio. Eu andarei pendente da tele por se a vexo, ó mellor fan como que están noutro país e están na Barbanza.

Agora quedamos de volver outro día pero non a traballar, só a pasear, a facer parte dos camiños e ver o ben que deixamos todo.

.....

¡Que pasada! O día 11 van vir un mogollón de personalidades ver o noso traballo e o dun colexio da Pobra.

Virá o Conselleiro de Medio Ambiente, o Presidente da Deputación, representantes da Fundación Fernández Latorre, de La Voz de Galicia e ademais, téñoos aquí apuntado: do Corte Inglés, da Fundación Alcoa, de Onda Cero, de Caixa Galicia e non sei se me olvidarei dalgún.

Temos que poñernos todos guapos e guapas. Polo visto chegan a iso da 1, e nós temos que estar no P. ¡Non sei que me vou poñer! Como coincide co día que van vir facer as fotos da orla, pois xa mato dous paxaros dun tiro.

.....

Son as tres e media, acabo de xantar e voume poñer antes de nada a escribir todo o que pasou. Como acabamos tan tarde, ata as catro e vinte non entramos no cole.

A ver, tivemos clase normal ata as once, despois fomos en bus ó P. Nun dos soportais da Casa da Costa puxeran dúas mesas. Antes de nada tiñamos que cubrilas cunha especie de mantel verde. Había algo de vento e tivemos que agarralo ben. Ademais do vento, choveu algo por momentos, pero dentro do que cabe o tempo non se portou mal con nós.

Cando as mesas xa estaban cubertas, colocamos enriba dunha a nosa maqueta. Na outra había que poñer as cartolinas que tiñan pegadas tódalas páxinas de La Voz de Galicia nas que saíramos.

Os paneis nos que estaban pegadas as fotos tiñamos que cravalos na parede. A profe foi cravando uns “chismiños” e deles colgaban os carteis.

Houbo un refacho de vento e caeron dous ó chan. Alá nos tivemos que poñer a aguantalos. Despois tirou cos que estaban sobre a mesa. O profe mandou que lles colocáramos pedras, piñas e arume para darlles un tono acorde co acto.

Limpamos ben a tapa que cubría a maqueta. África, a Directora, tamén andaba por alí. Nun dos paneis estaba ela nunha foto e cando non a víamos poñíalle unha piña enriba, pois dicía que non saía ben. Ela tamén estivo sacando fotos.

Estabamos todos moi guapos, e o profe todo traxeado. A profe tamén ía ben, de saia e tacóns. Non parecía a mesma que os outros días.

Antes de que chegaran as autoridades fixemos un “simulacro” para ver canto tempo tardabamos en chegar dende alí ata o chiringo: 4 minutos. A profe dixo que tiñamos que espabilar máis. Nós deberíamos chegar alí antes que os coches.

Por fin á 1 chegaron. Viña diante a policía coa serea e as luces funcionando. Comezaron a baixar todos. Nós estabamos ó outro lado da rúa, mirándoo todo.

O profesor comezou a explicarlles o proxecto e asemade ían vendo as fotos dos paneis.

Un señor de bigote, moi simpático, dixo que nos acercáramos alí, e así puidemos oír o que lles contaba o profe José Manuel.

Diante da maqueta paráronse un anaco, eu penso que lles gustou moito.

Nestas, o señor de bigote chamou por nós e levounos ata o seu coche. No maletreiro traía algunhas gorras verdes moi bonitas de Voz Natura, e repartiunas entre nós. Tamén lles deu unha a África e outra á profe Ana.

Xa chegara o momento de ver o traballo “in situ”. Subiron nos coches e nós fomos a andar coa profe Cristina. Despois eles ían andando diante e nós sempre detrás.

Estabamos moi contentos.

Viron o camiño que agora si que era camiño, os portais, o somier que deixáramos como recordo, os muros choídos... Fixemos unha parte do Camiño da Auga. Había sitios nos que batía moito o vento e a verdade é que ía bastante frío.

Cando acabaron a visita, despedíronse de nós e marcharon. Agora si que acabara todo. Só nos queda ir á Coruña en maio á gran festa que organizan os de Voz Natura.

Subimos ó bus e collemos rumbo á casa, moi satisfeitos do noso traballo.


E aquí estou. Xa vai ser hora de ir ó cole. Vou dar por rematado este diario. Cando poida pegarei tódalas fotos que teño do xornal e algunha máis que me deixou o profesor José Manuel para fotocopiar. Tamén vou pegar o debuxo da miña garza-mascota, que me



quedou bastante xeitosiña. Despois, cando veñamos de Coruña, teño que contar cómo nos foi alá.

¡Non sei se me chegarán as follas do caderno!

Ben, querido diario, ata máis ver.



A miña garciña

**Estes son os meus colegas, e ó fondo está África.**



**Aquí estamos cos angazos loitando coas silvas**



**Thor, Maroño, Óscar, Suso e Ángel, ó ataque.**




**A matanza de Texas, versión vexetariana.**



**Os especialistas do arame.**



**Jorge acaparando a carretilla**



**Luci e Fran colocando pedriñas.**



**Aquí as futuras estrelas da canción.**





O “tremendo” traballo de lixar e pintar.



¡Este si que foi traballo!



**Momento no que cambiamos o somier pola cancela.**



**Os nosos piñeirños que pronto serán grandes.**





**A piques de comezar o traballo máis artístico.**




**O traballo en equipo.**

**O día da visita.**



**Todos pendentes do noso proxecto.**

## AS NOSAS MASCOTAS






A mascota dos da gorra vermella.



A mascota dos da gorra azul.



## DOSSIER DE PRENSA





## BARBANZA

### Lavado de cara al complejo dunar

Un total de 65 alumnos de primero de ESO del colegio Galaxia de Ribeira realizarán trabajos de regeneración en el parque natural

El rastrillo, la azada, el pico y la pala serán sus armas de trabajo. Con ellas, los 65 alumnos de primer curso de ESO del colegio ribeirense Galaxia emprenderán en breve su particular «aventura» en el complejo dunar de Corrubedo. Los jóvenes de Ribeira escribirán su propia historia gracias al objetivo medioambiental que se han planteado: regenerar la pradera que se extiende detrás de las dunas, plantar especies autóctonas, limpiar y reabrir antiguos caminos ahora en desuso. Esta iniciativa escolar se enmarca en el proyecto Voz Natura, puesto en marcha por la Fundación Fernández Latorre, del Grupo Voz.

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

El conocimiento de que hay caminos *ocultos*, por los que antiguamente transitaban los marineros que iban por la zona de O Vilar, encendió la luz de las ideas al coordinador del proyecto en el Galaxia, José Manuel González. Así, los alumnos del centro educativo pronto cogerán todo el instrumental necesario para despejar de las vías la maleza, para que, en un futuro no muy lejano, los senderos puedan volver a ser pisados por el hombre. Y es que, en la actualidad, estas pistas están en desuso.



C. QUELJEIRO

Pero la *película* medioambiental del Galaxia consta de otros capítulos. Los jóvenes de Secundaria también tendrán que coger el pico y la pala para regenerar la pradera situada detrás de la duna. Las numerosas visitas de las personas provocaron que, con el paso de los años, la vegetación desapareciese casi por completo.

El objetivo de los integrantes del centro en este caso es volver a verla crecer, al igual que pretenden comprobar cómo se hacen más grandes los árboles autóctonos que plantarán en las inmediaciones del arenal.

Los 65 alumnos se afanarán durante todo el curso para que su proyecto llegue a buen puerto. El coordinador, José Manuel González, seguirá muy de cerca todos sus pasos. «Tenemos programadas doce visitas para realizar los trabajos que figuran en el plan, del que todavía estamos perfilando los detalles concretos», avanza.

MARÍA JOSÉ MIYARES (RIBEIRA)

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

## BARBANZA

### Los estudiantes del Galaxia repoblarán una zona del parque natural

 Enviar  Imprimir noticia

 Volver

Los alumnos del colegio ribeirense Galaxia repoblarán una zona del parque natural, por lo que ya dieron el primer paso de su proyecto Voz Natura, del programa medioambiental de la Fundación Fernández Latorre. Los estudiantes acudieron al Centro de Información del Ecosistema Litoral, de Corrubedo. Allí, la directora del parque, África Núñez, les dio detallada información sobre las distintas especies, tanto animales como vegetales, que habitan en el recinto.



S. BALVÍS

Fue el pistoletazo de salida a un proyecto que les llevará a rehabilitar y repoblar con especies autóctonas algunas zonas del complejo. También se encargarán de limpiar la maleza y adecentar ciertos caminos y senderos que, en la actualidad, son prácticamente intransitables. Pero para poder poner en marcha estas iniciativas, los alumnos del Galaxia necesitan conocer el terreno. Eso fue, precisamente lo que hicieron, tras la charla informativa que se desarrolló en el edificio del complejo natural. En esta primera toma de contacto, ya cogieron el rastrillo y la pala.

REDACCIÓN (RIBEIRA)

 Enviar  Imprimir noticia

 Volver

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

## BARBANZA

### Alianza con el medio ambiente

Los alumnos de los colegios Galaxia y Salustiano Rey Eiras avanzan en sus proyectos Voz Natura

Los alumnos de los colegios Galaxia de Ribeira y Salustiano Rey Eiras de Pobra trabajan estos días en sus respectivos proyectos Voz Natura, dentro del programa medioambiental de la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Mientras que los chiquillos pobrenses se vuelcan con el reciclaje del cartón, las pilas y otros materiales, y se sensibilizan con la importancia de la recogida selectiva de residuos, los escolares ribeirenses dirigen sus esfuerzos a mejorar el parque natural. Una actividad en la que, además de limpiar y adecentar caminos, les llevará también a plantar especies autóctonas en el parque.

 Enviar Imprimir noticia Volver

La participación del alumnado en iniciativas naturales, la sensibilización con el medio, así como la cooperación del colegio y la familia en la educación medioambiental son los objetivos del Salustiano Rey, que participa en el programa Voz Natura de la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Las actividades que realizan estos días son, entre otras, la confección de murales relacionados con la naturaleza, debates sobre el entorno, además de ahondar en la recogida selectiva de los residuos.

Por su parte, los chiquillos del Galaxia toman estos días contacto con el medio en el que trabajarán durante todo el año: el parque natural de Corrubedo. Los escolares estuvieron ayer desperdigados por las dunas con la intención de adecentar los caminos. En próximas jornadas se adentrarán en la parte más vegetal del recinto ribeirense para, además de cuidarla y contemplarla, plantar nuevas especies.

M. J. M. (RIBEIRA)

 Enviar Imprimir noticia Volver

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Poligono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)



## BARBANZA

### Alumnos del Galaxia reforestarán las zonas quemadas del parque de Corrubedo

Un miembro del comité científico de Voz Natura supervisó el trabajo de los alumnos junto con África Núñez

Sesenta alumnos del colegio Galaxia de Ribeira trabajan en la recuperación de caminos, conservación de senderos y reposición de cierres en el parque de Corrubedo. Después, los estudiantes reforestarán las zonas quemadas del complejo, todo en el marco del programa Voz Natura y en estrecha colaboración con la Consellería de Medio Ambiente. Ayer, la directora del espacio, África Núñez, y un miembro de la Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, José Antonio Díaz, supervisaron la actuación.

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

En el programa de trabajo que los estudiantes del Galaxia desarrollan en el parque natural ribeirense se incluye la confección de una maqueta, a escala 1:5.000 del espacio protegido ribeirense.

Ayer, mientras un grupo de alumnos se instruía en el diseño de mapas, otros transportaban listones de madera para colocarlos en fincas de labradío que en la actualidad tienen, a modo de cierre, somieres de cama, un elemento poco armónico con el paisaje del complejo dunar de Corrubedo.




S. BALVÍS

Previamente, los escolares fueron recibidos en el edificio Cielga por la directora del parque, África Núñez, y por un representante del comité científico del proyecto Voz Natura, José Antonio Díaz. El miembro de la Fundación Santiago Rey Fernández Latorre explicó a los chicos que La Voz de Galicia no podía quedarse al margen de la lucha contra la degradación del medio ambiente, por eso ha impulsado un plan destinado a fomentar su conservación a través de las acciones de los centros educativos.

Sobre la iniciativa del colegio Galaxia, José Antonio Díaz aseguró que se quedó impresionado: «Vuestro proyecto se ajusta al espíritu de la idea Voz Natura». También agradeció de forma especial el apoyo de los responsables del parque, ya que es un ecosistema sensible sobre el que no puede intervenir de cualquier manera.

Federico Sánchez, el anterior director del complejo, fue la primera persona que dio el visto bueno a la actuación de la escuela Galaxia. Su sucesora, África Núñez, ha continuado en la misma línea.

Hasta la fecha, los alumnos del Galaxia han realizado ocho visitas al parque, que se plasman en la limpieza de maleza en caminos antes intransitables, la recolocación de la pasarela de la duna móvil y en el pintado de las señales que guían a los visitantes.

En el futuro, otro de sus trabajos consistirá en la reforestación de extensiones de terreno calcinadas por los incendios. África Núñez explicó que se han recogido especies autóctonas del parque para desarrollar más ejemplares en un vivero. Con la escuela también colabora el biólogo del complejo, que ha diseñado unidades didácticas de los tres itinerarios.

ANA G. V. (RIBEIRA)

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

## BARBANZA

### Alumnos del Galaxia plantaron tres mil pinos en un terreno del parque natural

La repoblación se enmarca en el proyecto Voz Natura, de la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre

El parque natural de Corrubedo crece, poco a poco, en lo que a especies verdes se refiere. Ayer, alumnos del colegio ribeirense Galaxia plantaron tres mil pinos. Lo hicieron en una parcela de unos 25.000 metros cuadrados de la comunidad de montes de Olveira, en el marco del proyecto Voz Natura, promovido por la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Los jóvenes continuarán en próximas jornadas con sus actuaciones medioambientales en el complejo.

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

Un terreno de unas 2,5 hectáreas de superficie en el límite del parque dunar, cerca de Espiñeirido, fue ayer el lugar de trabajo de treinta alumnos del centro educativo ribeirense Galaxia. Allí, con sus correspondientes picos y palas, pasaron buena parte de la mañana y de la tarde con el fin de plantar unos tres mil pinos.

La tarea fue ardua, pero sirvió para cumplir, en parte, su objetivo: tener un complejo natural más verde, en el que crezcan el mayor número posible de especies.

#### Variadas tareas

De hecho, esta no es la primera vez que los jóvenes ribeirenses acuden al parque natural a plantar árboles y realizar otras tareas medioambientales, como la poda de especies o la limpieza de algunas zonas, siempre bajo la supervisión de los responsables del complejo y de los profesores del centro educativo de Santa Uxía. La reforestación de ayer se llevó a cabo en una parcela de la comunidad de montes de Olveira, cuya presidenta se acercó hasta el lugar en el que estaban trabajando los jóvenes para mostrarle su agradecimiento por una actuación que se enmarca en el proyecto Voz Natura, promovido por la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

Pero la labor de los alumnos del Galaxia no rematará con la plantación de los pinos. Ellos también serán los encargados de cuidarlos, además de sembrar otras especies en distintos puntos del complejo.

M. J. M. (RIBEIRA)

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver


C. QUELJEIRO

# La Voz de Galicia

lavozdegalicia.es

Viernes, 25 de Enero de 2002

[volver](#)

## BARBANZA

### La maqueta del complejo de Corrubedo está casi a punto

#### REPRODUCCIÓN EN CARTÓN

 Enviar Imprimir noticia Volver

Un grupo de alumnos de entre 13 y 14 años no salió al monte. Los chavales optaron por quedarse, tal y como estaba previsto, en el edificio del Centro de Interpretación del Ecosistema de Galicia (Cielga). Allí, escucharon una charla, tras la que se pusieron a trabajar en la maqueta del parque natural que están elaborando. Como no era la primera vez que se ponían manos a la obra, los alumnos pronto tendrán lista la reproducción del complejo de Corrubedo, según comentó el profesor José Manuel González, coordinador del programa Voz Natura del colegio Galaxia. «A ver se é posible rematala mañá -por hoy-, pero isto depende do proceso de secado», explicó el docente.

La confección de la maqueta es sólo uno de los apartados que comprende el amplio plan medioambiental diseñado por el Galaxia, en el que, entre otras mejoras que se efectuarán en el parque natural, figura la limpieza de caminos y la recuperación de antiguas sendas que, actualmente, están en desuso.

 Enviar Imprimir noticia Volver

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)



## BARBANZA

### Un parque natural más cuidado

Alumnos del colegio Galaxia recuperaron caminos del complejo de Corrubedo dentro del plan Voz Natura, de la Corporación Voz

El parque natural de Corrubedo luce mejor cara este año. Los alumnos del colegio Galaxia iniciaron a comienzos de curso una labor de recuperación que permite, en la actualidad, transitar por caminos que antiguamente utilizaban los marineros para alcanzar sus embarcaciones en la zona de O Vilar y, con el tiempo, cayeron en desuso. La labor medioambiental de los estudiantes ribeirenses se enmarca en el programa Voz Natura, de la Corporación Voz de Galicia. Además de limpiar la maleza y retirar las hierbas malas, los chiquillos también repararon los muros de piedra que bordean los llamados caminos del agua y del mar.

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

Los alumnos del colegio Galaxia se pusieron manos a la obra nada más comenzar el curso. Cargados de palas y rastrillos, acudieron al parque natural de Corrubedo en numerosas ocasiones para limpiar la maleza de los caminos del agua y el mar y levantar los muros que, con el paso de los años, perdieron piedras, y los estudiantes se encargaron de devolverlas a su sitio.



El sendero conocido como el del viento también recibió su lavado de cara. El fuerte aire que sopló

durante el invierno provocó que las pasarelas de madera quedasen completamente cubiertas de arena en algunos tramos y, en otros, que las tablas se separasen y quedasen desniveladas. «Levantamos todas las que estaban mal e puxémolas de novo no seu sitio e tamén retiramos a area do sendeiro», explicó el docente José Manuel González, coordinador del proyecto Voz Natura del centro educativo.

Los estudiantes imitaron, asimismo, a los mejores carpinteros. Con la lija y la pintura devolvieron los carteles indicativos de los tres caminos a su estado primitivo, ya que la lluvia y el viento habían hecho mella en su estructura.

Una de las iniciativas que tuvieron que dejar aparcada por el momento los ribeirenses fue la plantación de especies endémicas del parque, debido a que no localizaron sus semillas.

Y para dar fin a su proyecto Voz Natura, los estudiantes tienen que acabar de limpiar el camino del agua, completar la reparación de algunos muros y poner en marcha tres unidades didácticas con la ayuda del biólogo del complejo.

M. J. MIYARES (RIBEIRA)

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

## BARBANZA

### Carlos del Álamo supervisa los proyectos Voz Natura de los colegios Galaxia y Salustiano Rey

El conselleiro de Medio Ambiente realiza una visita al parque natural de Corrubedo y al monte A Curota


[Enviar](#)

[Imprimir noticia](#)

[Volver](#)

Los alumnos de los colegios Salustiano Rey Eiras, de Pobra, y Galaxia, de Ribeira, reciben hoy una visita muy especial. El conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, supervisa los proyectos Voz Natura desarrollados por los estudiantes de ambos centros durante este curso escolar.

El responsable autonómico estará acompañado por el presidente de la Diputación Provincial de A Coruña, José Luis Torres Colomer; el alcalde pobraense, Isaac Maceiras, así como representantes de la Corporación Voz de Galicia y de Caixa Galicia y Fundación Alcoa, empresas patrocinadoras del programa medioambiental. De este modo, la comitiva visitará el parque natural de Corrubedo, el colegio pobraense, así como el monte A Curota para comprobar los trabajos efectuados.

Los docentes y profesores de ambos centros educativos ultimaban ayer los preparativos de estos actos. El coordinador del proyecto del Galaxia visitó el complejo natural de Corrubedo, mientras que el director y estudiantes del centro educativo pobraense se afanaron en el huerto escolar y organizaron una muestra bibliográfica.

M. J. M. (RIBEIRA)


[Enviar](#)

[Imprimir noticia](#)

[Volver](#)


C. QUEIJEIRO

## SOCIEDAD

### Estudiantes de Ribeira y Pobra recuperan varias zonas de alto valor ecológico

El conselleiro de Medio Ambiente valoró las intervenciones realizadas con el programa Voz Natura

 Enviar Imprimir noticia Volver

La protección del medio ambiente es el lema de los alumnos de los colegios Salustiano Rey Eiras, de Pobra, y Galaxia, de Ribeira.




La repoblación de parcelas de monte quemadas y el cuidado del parque natural de Corrubedo, actividades realizadas en el marco del programa Voz Natura, les valió el reconocimiento de la Consellería de Medio Ambiente. Su responsable, Carlos del Álamo, acudió ayer a las dos localidades coruñesas con el fin de conocer el resultado de la prolífica labor natural.

 CARMELA QUEIJEIRO

Fueron visitas obligadas, por tanto, el colegio Salustiano Rey, donde los estudiantes instalaron un invernadero, realizaron abono compós y sembraron diversas especies en un huerto. Además, intervinieron en el monte A Curota, en el que plantaron más de 2.000 pinos en una zona arrasada por el fuego.

Los alumnos del colegio Galaxia, de Ribeira, también cogieron el rastrillo en su día para repoblar un terreno en el parque natural de Corrubedo. Entre las actividades que los escolares realizaron para mejorar este espacio adecentaron caminos, recolocaron muros caídos e instalaron cierres de madera en varias parcelas.

M.J.MIYARES (RIBEIRA)

 Enviar Imprimir noticia Volver

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)



En nome de toda a comunidade escolar do Colexio Galaxia, profesores, pais e alumnos, queremos manifestar o noso máis sincero **agradecemento** á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre e a La Voz de Galicia como organizadores, á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Fundación Alcoa, Caixa Galicia, El Corte Inglés, Aquarium Galicia e Cabreiroá como colaboradores, por facer posible a realización deste programa de educación bioambiental que é VOZ NATURA.



A todo o persoal do Parque Natural pola súa colaboración, a Manuel Somoza, biólogo do Parque, polo seu asesoramente científico. A Federico Sánchez, ex director do Parque por aceptar o noso proxecto, e moi especialmente a África Núñez, directora do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, polo seu interese e polo seu entusiasmo para que o proxecto saíse adiante e, en definitiva, por todo o apoio que nos brindou ó longo da realización do traballo.

## BIBLIOGRAFÍA

- *Espacios Naturais Protexidos.*  
Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente.
- *Las leyendas tradicionales gallegas.* Leandro Carré Alvarellos.
- *Viaxe a Galicia.* Frei Martín Sarmiento.
- *Prehistoria e Folclore da Barbanza.* F. Bouza Brey e F. López Cuevillas.
- *Corrubedo, unha vila, un cabo, un parque.* Manuel Santos.
- *Espacios Naturais de España.*